- **Karate:** Ximnasio (luns e mércores de 16:00 a 17:00 e de 17:00 a 18:00)
- **Debuxo :** Ludoteca (xoves de 16:00 a 17:30)
- **Xadrez:** Ludoteca (mércores de 16:00 a 17:00)
- **Zumba :** ximnasio (venres de 16:00 a 17:00)
- **Cociña Creativa:** Ludoteca (venres de 16:00 a 17:30)
- **Multideporte:** Ximnasio (luns de 16:00 a 17: 00)

- **Ludoteca:** Ludoteca (martes de 16:00 a 17:00)
- **Guitarra:** Aula de música (xoves de 15:45 a 16:45)
- **Patinaxe:** Pavillón de deportes (martes e xoves de 16:00 a 17:00)
- **Skate:** Pavillón de deportes (venres de 16:00 a 17:00)

8.5. PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 2019/2020

8.5.1-COMPOSICIÓN:

As compoñentes do Departamento de Orientación son:

Dolores Basoa López..... Especialista de E.Infantil.
 Ana Graña Piñeiro..... Profesora de 1º curso de E. Primaria.
 Belén Casanova Mayo..... Profesora de 4º curso de E. Primaria.
 Silvia Sabín Mesa Especialista de Inglés.
 Xulio A. Prieto Bermúdez..... Especialista de P.T.
 Patricia Vázquez Lojo Especialista de P.T
 Nuria Pita Fernández.....Especialista de A.L
 Alba Sanmartín Miramontes Especialista de AL, compartida co CEIP A Solaina, sendo o seu centro base o CEIP A Gándara .
 Mª Carmen Ogaza Rojas..... Orientadora.

8.5.2- NORMATIVA ESPECÍFICA

O decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia, establecen que o departamento de orientación será o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa do noso centro.

8.5.3- CONTEXTO:

O C.E.I.P: de “ A Gándara” atópase no Concello de Narón,situado ao Noroeste da provincia da Coruña. Pertence a comarca de Ferrol.

O concello de Narón ten unha extensión de 66,91 km² e unha poboación próxima os 38.910 habitantes e limita coa cidade de Ferrol.

O centro escolar é un CEIP que consta dun edificio con seis unidades en Educación Infantil e trece en Educación Primaria. O número total de alumnos/as é de 466 e conta con 30 mestres/as, unha orientadora, un mestre de AL compartido con outro colexio, dúas coidadoras, unha conserxe, unha administrativa e persoal de limpeza.

O alumnado que asiste ao colexio procede dun entorno socioeconómico e sociocultural diverso, ten alumnado procedente do estranxeiro, varios alumnos con trazos do espectro autista, varios xa diagnosticados de dislexia, varios diagnosticados de déficit de atención con ou sen hiperactividade, varios con dificultades de aprendizaxe e algúns con trastornos de conduta.

Unha vez que rematan a Primaria, a maioría continúan a Secundaria no I.E.S :“Terra de Trasancos”.

8.5.4.- OBXECTIVOS XERAIS :

8.5.4.1- Obxectivos referidos ó Centro:

Este curso temos como obxectivos xerais os seguintes :

- 4.1.1- Seguir co Plan de Atención á diversidade que foi elaborado e aprobado no centro.
- 4.1.2 Colaborar na Planificación e Organización educativa do centro, especialmente no que se refire ó alumnado con necesidades educativas.
- 4.1.3- Potenciar a cooperación entre o Centro e as familias.
- 4.1.4- Colaborar co Equipo de dinamización da convivencia escolar.
- 4.1.5- Colaborar na programación e avaliación por competencias.

8.5.4.2- Obxectivos referidos ó alumnado :

- 4.2.1- Identifica-las dificultades e potencialidades do alumnado con necesidades educativas especiais (n.e.e), tanto permanentes como transitorias.
- 4.2.2.- Coñecer as características das distintas clases para tratar de integrar ó alumnado que presenta dificultades.
- 4.2.3.- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten.
- 4.2.4.- Potenciar a orientación no terceiro ciclo de primaria en relación co I.E.S ó que pertencemos.

- 4.2.5.- Levar á práctica a detección temperá das necesidades educativas do noso alumnado, para potenciar unha orientación preventiva.
- 4.2.6.- Deseñar medidas de apoio e de reforzo para o alumnado que repite curso, para que non volva repetir os resultados negativos.
- 4.2.7- Fomentar nas clases as sesións de tutoría baseándonos no noso Plan de Acción Titorial e nas propostas do Departamento de Convivencia.
- 4.2.8.- Axudar a mellorar a autoestima do alumnado valorando o seu traballo e valorándoo como persoa, como alicerce básico para unha boa aprendizaxe.
- 4.2.9.-Ser constantes e firmes coas normas que temos elaboradas e coas consecuencias do non cumprimento delas.
- 4.2.10.- Propoñer que os conflitos se resolvan a través da “mediación” sempre que sexa posible e presentar modelos e colaboración para facelo así.
- 4.2.11- Valorar durante todo o curso ó alumnado que presenta dificultades para deseñar en calquera momento programas, horario e material de apoio, que axuden a solucionar esas deficiencias.
- 4.2.12- Estar atentos a posibles casos de acoso escolar e propoñer actividades que axuden á prevención.
- 4.2.13- Fomentar a comunicación asertiva fronte a agresiva e a inhibida.

8.5.4.3- Obxectivos referidos ó profesorado :

- 4.3.1- Coordinar a actuación dos titores, especialistas, profesorado de P. T e de A.L e orientadora , de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado que está recibindo algún tipo de apoio.
- 4.3.2-Participar nunha avaliación formativa do alumnado, manifestando aspectos a mellorar, medidas que se poden tomar e destacar aspectos positivos de cada alumno.
- 4.3.3- Colaborar na resolución das necesidades que presente o profesorado en xeral.
- 4.3.5-Colaborar na resolución de conflitos, a través da mediación ou con outros tipos de intervencións.
- 4.3.6-Facilitar protocolos de actuación para alumnado con dislexia, déficit de atención con ou sen hiperactividade, rasgos do espectro autista, problemas de conduta, hemiparesia, altas capacidades e trastorno específico da linguaxe.
- 4.3.7- Propor ter unha comunicación entre profesorado-alumno, profesorado-familias, profesorado entre si de forma asertiva.

8.5.4.4- Obxectivos referidos ás familias :

4.4.1- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual (informacións privadas), ou colectiva (informacións xerais), co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa.

4.4.2- Informar e asesorar ás familias do alumnado con n.e.e.

4.4.3- Facilitar que as familias se poidan achegar ó departamento de orientación co ánimo de solucionar calquera dúbida ou preocupación que poidan ter con respecto ós seus fillos.

8.5.4.5- Obxectivos referidos ás Asociacións :

4.5.1- Colaborar con “ Aspaneps “, facilitando información sobre o alumnado que acude alí e solicitando asesoramento en canto a medidas a tomar con este alumnado.

4.5.2- Colaborar coas asociacións que están traballando dalgún xeito ou que presenten programas a levar a cabo co noso alumnado.

8.5.5.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Os obxectivos sinalados débense agrupar en tres liñas de traballo elixindo actividades que desenvolvan un plan coherente nestas tres vertentes :

- Atención á diversidade.
- Acción Titorial.
- Orientación Académica e Profesional.

8.6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN :**8.6.1- ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Non podemos asociar atención á diversidade coas actuacións levadas a cabo co alumnado de n.e.e permanentes, senón que educar na diversidade implica actuacións para todos. O noso obxectivo debe ser deseñar actuacións que axuden ó acceso ó currículo á totalidade do alumnado.

Para iso realizaremos o seguinte :

Exploración psicopedagóxica en tódalas aulas do seguinte xeito :

Probas globais :**E. INFANTIL .**

Realizaranse as seguintes probas colectivas nas seguintes clases:

- En 5 anos pasarase o test BadyG.

E. PRIMARIA

1º curso: - Sociograma nos dous cursos.

2º curso: - Sociograma nos dous cursos.

- BadyG .
- Test Tale.
- Rexistros de lectura, e escritura ó longo do curso.

- Evaluación da comprensión lectora.

3 curso: - Sociograma nos dous cursos.

- Avaliación da comprensión lectora.

4 curso: - Sociograma nos dous cursos.

- Avaliación da comprensión lectora.
- BaDY-G ou algunha proba de intelixencia.

5º curso: - Sociograma nos dous cursos.

- Bady—G.
- Avaliación da comprensión lectora.

6º curso: - Sociograma nos dous cursos.

- Bady- G
- Evaluación da comprensión lectora.

PROBAS INDIVIDUAIS:

Unha vez corrixidas as probas globais os alumnos que presentan resultados baixos pasarase algún test individual, normalmente o test : Columbia, WIPSI, ou McCarthy en E. Infantil , e DN-CASS ou Wisc en Primaria. Estas probas tamén se aplicarán cando hai unha petición para facer unha avaliación diagnóstica.

Se observamos rasgos disléxicos faranse varios rexistros das características dese alumnado e pasarase o test DST-J.

En alumnado que poida presentar Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade pasaranse as escalas

EDAH , criterios do DSM-IV , Escalas Brief (1 e 2) e o test MOXO (estamos pendentes da súa compra)

Para alumnado con posible discalculia pasarase o tes “ Tema 3”.

Para alumnado con posible Trastorno da Linguaxe o test CELF 5.

Para alumnado con rasgos do espectro autista ,altas capacidades ou outro tipo de trastornos aplicaranse probas diagnósticas adaptadas a cada caso.

Cando o profesorado avisa no Departamento de Orientación que un alumno/a presenta dificultades de articulación, pásaselle de forma individual o Rexistro Fonolóxico Inducido.

ACTUACIÓNS CO ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS:

A partires dos resultados das probas globais que se pasan, das probas individuais e das sesións de avaliación que se realizan desde E. Infantil, nas que participan os titores, especialistas e orientadora, vanse detectando as características de todo o alumnado e as necesidades educativas que presentan, ben sexan transitorias ou permanentes.

É necesario que unha vez recibida esa información , cada titor e todo o profesorado especialista que imparte clases nesas aulas, analice e reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno, observe as relacións que se establecen nese grupo e actúe en consecuencia.

No caso de actuacións co alumnado que presenta necesidades educativas actuaremos da seguinte maneira :

A. ATENCIÓN ORDINARIA :

Reforzo sen apoio : Son medidas que leva a cabo o propio profesor con aqueles alumnos que teñen algunhas dificultades nalgúns aspectos da programación diaria, que necesitan reforzar algúns contidos, ou que necesitan traballos de ampliación.

Reforzo con apoio: Contemplan o apoio temporal da especialista de P.T e/ ou de A.L de xeito temporal ou o longo do curso,.

Cando o horario das especialistas de P.T e de A.L, non chega para cubrir todas as necesidades, este apoio tamén se leva a cabo co profesorado ordinario nalgunhas horas de garda e apoios .

B -ATENCIÓN EXTRAORDINARIA: (A.C.I)

En alumnado que presenta necesidades educativas especiais moi graves e permanentes levarase a cabo xa en 1º curso de Primaria.

No resto do alumnado, formularase a elaboración da A.C.I cando hai un desnivel de máis dun curso.nunha ou en varias materias. De tódolos xeitos analizarase cada caso en particular.

CRITERIOS PARA OS APOIOS :

No mes de maio cando se solicita á inspección o profesorado de apoio necesario para o vindeiro curso, reúnenos os titores, as profesoras de apoio e a orientadora, e en función das necesidades que se detectan entre todos, elabórase unha táboa con todas as necesidades que presenta o noso alumnado, sesións de apoio que serían necesarias e tipo de apoio proposto. Esa táboa envíase a inspección cada curso. Clasificamos ó alumnado con necesidades educativas moi graves, graves ou de apoio na aula.

No mes de setembro, cos informes que temos elaborados no pasado curso e cos datos que facilitan os titores ó realizar a avaliación inicial , observando ó alumnado que ven novo, valoraranos as necesidades educativas que se presentan no centro e cos recursos cos que se conta iniciaranos o apoio.

No calendario de apoio de P.T e apoio do profesorado priorizarase do seguinte xeito:

- 1º- Atenderase ó alumnado con discapacidade e/ou trastornos moi graves de conduta que así se determine na avaliación psicopedagóxica.
- 2º- Alumnado con ACI.
- 3º.- Alumnado con Déficit de Atención, Dislexia e dificultades de aprendizaxe.
- 4º.- Alumnado con necesidades educativas transitorias.

Apoio de AL:

Atenderase segundo a gravidade do trastorno de comunicación, linguaxe e fala.

Os apoio, **serán modificados ó longo do curso** (segundo o establecido nas Orientacións que dende a Consellería se nos envían ós Departamentos de Orientación a principios de curso), en función das necesidades que se van detectando. Estas modificacións xurdirán cando se vexan necesidades máis graves, por vir alumnado novo, por informacións recollidas nas sesións de avaliación, por información de especialistas de P.T, A.L, por información dos titores, ó realizar a orientadora avaliacións psicopedagóxicas ou ó dar de alta algún alumno.

5º.- Cando veña un alumno novo, se trae informe psicopedagóxico, ou ben sexa necesario elaborarllo no colexio por presentar necesidades educativas especiais, xuntaranse as especialistas de apoio coa orientadora e coa xefe de estudos para intentar buscarlle o apoio que necesita.

6º.- O apoio pode ser dentro, fóra, ou algunha sesión dentro e outras fóra.

Os criterios para que sexa dun ou de outro xeito estarán en función de que se necesite mesturar alumnado de distintas aulas, traballar contidos con outros materiais e que dificultaría o normal desenvolvemento da clase ou polas características do alumnado que está a recibir o apoio.

7º.- Os pais do alumnado que recibe apoio fora da aula serán informados desa situación polo seu titor /a e darán o seu consentimento.

8º.- Cando os alumnos reciben o apoio fóra da aula, traballarán para intentar superar as dificultades que están a presentar, ao ritmo que poidan e co material que se considere mellor para eles.

9º.- Cando a titora ou profesora de apoio ven que se pode dar de alta a algún alumno, informarán a orientadora que tomará a decisión. Posteriormente informarase á familia.

10º.- Estableceranse reunións periódicas entre titores, profesorado de apoio e orientadora de cara a favorecer unha boa coordinación, especialmente no relativo a alumnado que recibe algún tipo de apoio.

11º.- A finais de curso farase un pequeno informe do alumnado que recibiu apoio, concretando os obxectivos e contidos que acadou e os que non, que servirá de información de cara á modalidade de apoios a realizar no seguinte curso. Este informe estará custodiado no Departamento de Orientación.

Apoio do profesorado nas horas de libre disposición:

O profesorado nas horas de libre disposición realizará se é posible o apoio no mesmo nivel. De non ser así onde se considere que hai máis necesidades.

OUTRAS AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE DE APOIO EDUCATIVO:

- Contamos cunha actividade de reforzo polas tardes que subvenciona o Concello. Chámase Reforzatic e reforza algúns contidos a partires do emprego das Tic.

- Tamén contamos nestes pasados cursos co plan da Consellería “ Acompañamento Escolar”, no que varios alumnos de 5º e 6º curso recibiron ese apoio e que pensamos manter.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

No centro temos elaborados varios anexos nos que se informa das características do alumnado con algún trastorno ou necesidade educativa e como debe ser a avaliación dese alumnado.

Os anexos que remitimos son os seguintes:

Anexo I: Dislexia na aula.

Anexo II: O trastorno do espectro do autismo na aula.

Anexo III: Trastorno de Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade dentro da aula.

Anexo IV: Alumnado con problemas de conduta.

Anexo V: Altas Capacidades.

Anexo VI: Hemiparesia.

Anexo VII: Trastorno Específico da Linguaxe.

MODELO DE INFORME DO ALUMNADO QUE RECIBE APOIO:

1.- DATOS DA AUTORA DO INFORME:

APELIDOS:.....NOME.....

PROFESORA DE : PT/ AL/ OUTRAS

2.- DATOS DO ALUMNO OU ALUMNA:

APELIDOS.....NOME.....

DATADE NACEMENTO.....CURSO.....ETAPA.....

ACI : Si Non ¿ En que áreas?.....

3.-DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

AREAS NAS QUE RECIBIU APOIO.....

Data de comezo..... Data de remate.....

Horario semanal e modalidade de apoio:.....

.....

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

a) Tipo de tarefas realizadas:.....

.....

b) Principais materiais usados :.....

.....

d) Dificultades atopadas:.....

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO:

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces pero aínda necesita apoio puntuais.
- Foron eficaces pero non suficientes para seguir o ritmo da súa clase.
- Foron pouco eficaces.

SUXESTIÓNS:

.....

.....

PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO:

.....

6.2.- ACCIÓN TITORIAL

Como xa mencionamos anteriormente, temos no centro o Plan de Acción Titorial, que debe servir de base das nosas actuacións en tódolos campos :

- Coñecemento das características do noso alumnado.
- Avaliacións iniciais,

- Sociogramas para coñecer a situación das clases.
- Plan de acollida do alumnado de 3 anos.
- Plan de acollida para o profesorado.
- Plan de acollida para os alumnos que se incorporen ó longo do curso.
- Actividades de tutoría.
- Técnicas para resolver conflitos.
- Rexistros de conduta.
- Rexistros de coñecementos.
- Rexistros de reunións de coordinación entre distintos profesionais.
- Prevención de *bulling*.

O xefe de Estudos

A orientadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

M^a Carmen Ogaza Rojas

8.6. PLAN DE ACOLLIDA DOS ALUMNOS DE 4º DE E. INFANTIL.

Na vida familiar, a entrada na escola do neno/a representa un momento importante tanto para o pequeno como para os pais.

Fronte a unha situación de separación é lóxico que existan dúbidas e temores, o problema está en que eses sentimentos teñan tanta forza que a separación sexa traumática. O papel dos pais é fundamental para que isto non suceda, por iso queremos contar coa súa colaboración para levar a cabo este período de adaptación.

No mes de xuño tivemos unha reunión con todos os pais, onde informamos de cómo sería este período de adaptación e tratamos de implicalos neste proceso o máximo posible, así como tamén lles propuxemos algunhas pautas de actuación e suxestións.

No Centro contamos, este curso, con dúas unidades de Educación Infantil de 3 anos, tendo unha unidade 25 alumnos/as e a outra 26 polo agrupamento familiar de dous xemelgos.

Os días e as horas fixadas, así como tamén os grupos para a progresiva incorporación dos nenos/as á escola están publicados na web do centro.

O Xefe de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: M^a Dolores Basoa López

8.7._PLAN DINAMIZADOR DO USO DO GALEGO

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN
2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
 - 2.1. INTRODUCIÓN
 - 2.2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
 - 2.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO
 - 2.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO
 - 2.5. SITUACION DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO
 - 2.6. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO
3. LINGUAS DO ENSINO:
 - 3.1. EDUCACIÓN INFANTIL
 - 3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA
4. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.
 - ✓ Respecto ao contorno sociolingüístico do centro.
 - ✓ Respecto á situación do profesorado.
 - ✓ Respecto á situación do alumnado.
 - ✓ Respecto á situación lingüística do centro.
5. ACTIVIDADES
6. EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA.
7. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES E ORZAMENTO.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.

É de todos sabido que a lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

A adquisición de varias linguas nunca presenta un problema, senón todo o contrario, é unha riqueza que posteriormente influirá de xeito favorable na adquisición doutras linguas, xa que as aprendizaxes transfírense espontaneamente.

Como se recolle no apartado 2 de este proxecto, análise sociolingüística do centro, atopámonos cun alumnado castelán falante case na súa totalidade, polo que partiremos desta realidade para a planificación do noso proxecto de fomento do uso do galego.


2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

2.1 INTRODUCCIÓN.

O C.E.I.P. A GÁNDARA é un colexio público situado no concello de Narón, na zona urbana no barrio de A Gándara. Esta é unha zona urbana de nova construción (arredor dos anos 1970-1980) na que se asentaron moitas familias novas, con fillos pequenos. Segundo os últimos datos a poboación deste concello acada as 40.000 persoas. Este dato sitúa a Narón como o oitavo concello máis poboado de Galicia e conta cun crecemento demográfico importante. Está situado na comarca de Ferrolterra, que é unha das de menor presenza da lingua galega.

A maioría dos alumnos/as chegan ao centro falando castelán, lingua habitual nas súas casas ou polo menos habitual cando se dirixen aos nenos/as.

Aínda sabendo isto, quixemos afondar no coñecemento da realidade lingüística do centro.



2.2.- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Como se pode observar no mapa publicado polo *Centro de Documentación sociolingüística de Galicia* a comarca de Ferrolterra é unha das zonas onde a lingua inicial é maioritariamente o castelán. Isto acentúase canto máis nova é a poboación. O noso centro non é alleo a esta realidade e vese afectado de xeito moi directo por esta situación.

2.3- SITUACIÓN DO PROFESORADO

Partindo dos datos obtidos nas enquisas, unha porcentaxe importante dos docentes do centro empregan a lingua castelá en contextos informais, cando non están impartindo clase. Este é o idioma empregado na súa vida cotiá habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.

Hai unha porcentaxe importante que ten coma lingua habitual a galega.

A competencia lingüística en galego é do 100% por parte dos docentes. Para garantir esta competencia, dende o centro formulamos os seguintes obxectivos:

- Garantir que o profesorado teña competencia lingüística oral e escrita para poder desenvolver a súa labor docente en lingua galega.
- Manter informado ao profesorado sobre a realización de cursos para mellorar e manter o nivel lingüístico nesta lingua.
- Comunicar ao profesorado dos cambios legislativos ou normativos que poidan afectar a esta lingua.
- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TIC.

2.5- SITUACIÓN DO ALUMNADO.

Os alumnos son maioritariamente castelán falantes e canto máis pequenos son, amosan máis dificultade para expresarse en galego, por norma xeral. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.

Ao finalizar a primaria obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita, estando case ao mesmo nivel que co castelán. Non así con respecto á lingua oral, na que a maioría podería expresarse con soltura, a súa lingua cotiá segue a ser o castelá e só usan o galego cando é demandado polo profesor ou profesora.

Con respecto á expresión oral.

Para o alumnado:

- Facer ver que o galego é unha das manifestacións culturais propias dun pobo.

- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, e máis concretamente do entorno próximo onde se ubica o colexio, elementos da paisaxe, riqueza da zona, clima, vexetación, fauna, e normas de comportamento que se deben contemplar.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ambas as dúas linguas, co fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.

2.6- SITUACIÓN DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO.

Partindo dos resultados obtidos nas enquisas realizadas polas familias dos alumnos/as, observamos que a gran maioría empregan a lingua castelá como lingua principal de comunicación cos seus fillos/as, sendo a presenza do galego moi baixa ou case nula na comunicación cos fillos/as non así co resto da familia ou amigos onde se pode empregar o galego de forma habitual.

Dende o centro, e dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega formulamos unha serie de obxectivos para traballar este aspecto de cara ás familias dos nosos alumnos/as:

- Garantir dende o centro unha comunicación en galego, para que as familias aprecien o seu emprego no centro educativo.
- Dialogar coas familias aconsellando que non transmitan sentimentos negativos aos seus fillos/as en contra do galego.
- Intentar que non se vexa no colexio o galego como imposición, senón como lingua oficial en Galicia que convive en harmonía con outra lingua oficial, o castelán, en incluso con outras como por exemplo o inglés, o francés ...
- Aconsellar sobre a realización de actividades en familias: lectura de libros en galego, películas ou xogos educativos nesta lingua.

2.7.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

A presenza da lingua galega na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena . A comunicación co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego.

Dispoñemos dun fondo de biblioteca en galego e en todas as aulas dispoñemos dunha biblioteca de aula que dispón dun 50%, aproximadamente, de libros en galego. Ademais elaborouse o Plan Lector e durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula a

lectura en silencio, e loxicamente, ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca, moitas das súas lecturas son na nosa lingua.

Nos últimos anos, vense propondo nas aulas de Educación Infantil (5 anos), do Primeiro e Segundo Ciclo de Educación Primaria, unha “Biblioteca de libros compartidos”, iniciativa que consiste en traer da casa libros que despois comparten cos compañeiros de clase. Tamén, na primeira reunión de pais, no primeiro trimestre, as titoras de infantil vendo o nivel de competencia lingüística en galego, recomendan aos pais que lles merquen libros en galego, cousa que solen facer. Esta actividade resulta ser unha moi boa maneira de implicar ao alumnado que está aprendendo a ler e a escribir, no uso indistinto de galego ou castelán, e obsérvase unha mellora significativa no coñecemento de vocabulario e expresións en galego, utilizadas cunha *normalidade* antes descoñecida. Durante este curso pretendemos seguir con esta actividade, esperando obter uns resultados igualmente positivos coma en cursos anteriores.

A utilización nas TIC do galego é aínda deficiente polas dificultades que xorden para atopar material en galego para este fin. Procuraremos realizar máis xogos e actividades como nos cursos anteriores e valorar a aceptación destes por parte do alumnado.

3. LINGUAS DO ENSINO.

Como se deriva da análise sociolingüística, atopámonos nun contorno castelán falante. Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino segundo os seguintes criterios:

3.1 Educación infantil.

Decreto 79/2010 do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece que na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e coidando de que o alumno/a adquiera, de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial. Atendendo a este criterio a lingua vehicular en Educación Infantil é o castelán. Esta decisión ven tomada da análise das enquisas que realizan os pais e nais da etapa infantil 3 anos cando realizan a matrícula no mes de xuño.

3.2 Educación primaria.

O Decreto 79/2010 de 20 de Maio, anteriormente citado, establece que na etapa de Educación Primaria impartirase a materia de Lingua castelá e galega na lingua respectiva tanto polo profesorado como polo alumnado. Así mesmo, a materia de sociais, naturais.

Tendo en conta o Proxecto Lingüístico do centro, impártense en galego as seguintes materias:

- Primeiro e segundo nivel: *Educación Artística e Educación Física.*
- Terceiro e cuarto nivel: *Educación Artística e Educación Física.*
- Quinto e sexto nivel: *Educación Artística e Educación Física e Educación en valores cívicos e morais.*

Garántese deste xeito que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais.

4. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.

Describiremos os obxectivos do Proxecto en torno a cada un dos catro sectores mencionados nos apartados seguintes.

❖ **Respecto ao contorno sociolingüístico do centro.**

- Potenciar o uso do galego en todos os contextos incentivando o seu uso e transmisión.
- Recuperar tradicións populares: xogos, cantigas, bailes, refráns ou ditos.
- Recuperar o prestixio social da nosa lingua entre todos os membros da comunidade educativa.
- Desenvolver accións encamiñadas á superación de prexuízos lingüísticos.
- Integrar ás familias na dinámica lingüística do centro.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Dar apoio a ANPA nas actividades que realicen para que poidan desenvolverse empregando sempre a Lingua Galega.

❖ **Respecto á situación do profesorado.**

- Continuar levando a cabo en galego toda a correspondencia cos organismos oficiais e entre o profesorado.
- Dar a coñecer ao profesorado as disposicións lexislativas en dereitos lingüísticos.
- Involucrar ao profesorado en compromisos individuais que leven a un cambio de actitude con respecto ao idioma.

- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma Galego.
- Utilizar as TIC como medio para a inclusión do galego en todas as actividades.
- Avaliar anualmente o emprego do galego oral mediante a información que podamos recibir das distintas entrevistas cos pais/nais e do desenvolvemento das clases.

❖ ***Respecto á situación do alumnado.***

Educación Infantil:

- Ir introducindo o galego como lingua vehicular.
- Intentar que os nenos e nenas vaian introducíndose nun ambiente galego.
- Introducir aos nenos nos contos de tradición oral galegos.
- Ir ampliando ou iniciando, nalgúns casos, o vocabulario en lingua galega.

Educación Primaria:

Primeiro e segundo nivel de primaria:

- Expresarse en galego, aínda que sexa con frases curtas.
- Ir introducindo a lecto-escritura en galego.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.

Terceiro e cuarto nivel de primaria:

- Ser capaz de expresarse en galego cunha certa fluidez e ser capaces de manter un diálogo en galego.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.
- Ser capaces de facer unha composición escrita sinxela en galego.

Quinto e sexto nivel de primaria:

- Ser capaces de manter unha conversación en galego cun soltura.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario galego.
- Ser capaces de expresarse por escrito con soltura en galego.

• ***Respecto á situación lingüística do centro.***

- Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua.

- A partir do segundo ciclo todos os alumnos e alumnas terán o seu propio dicionario de lingua galega.
- En todas as aulas hai un dicionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría hai un exemplar coas novas normas ortográficas do galego.
- Aumentarase o volume de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
- Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.
- Nas áreas impartidas en galego a lingua vehicular será o galego así como por parte de moitos profesores e profesoras será a súa lingua na vida cotiá do centro.
- Todos os comunicados e escritos, tanto oficiais como particulares, estarán en galego.
- En todas as celebracións tradicionais e festivais, a lingua que se utilice será a galega.
- Todas as programacións escolares estarán en galego.
- Editarase este ano o nº XXVIII da revista ALFAR que estará integramente en galego.
- Editarase un calendario para o ano 2020 cun lema sobre a Normalización Lingüística.
- Editarase unha postal felicitando as festas de Nadal.

5. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA ATENDENDO A ACADAR OS OBXECTIVOS DOS DIFERENTES SECTORES.

❖ Contorno sociolingüístico e situación lingüística do centro.

CELEBRACIÓN DE FESTAS TRADICIONAIS

•O MAGOSTO:

Participan todos os alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria e toda a comunidade escolar. Para a celebración os alumnos e alumnas e os profesores buscan información mediante as TIC, prensa e material da biblioteca, sobre a historia de esta tradición. Elaboraranse traballos como murais, debuxos...

O día do Magosto ásanse castañas e tomanse zumes (que trae a ANPA) e todos/as alumnos/as do centro saen o patio á degustación.

A ANPA, coa axuda dos mestres e mestras, asan as castañas mentras que o alumnado observa o proceso.

Ao final, os rapaces/as teñen un tempo de xogo libre para ciscarse e festexar o magosto.

Os obxectivo son:

- Dar a coñecer ao alumnado a festa do magosto e fomentar as festas tradicionais entre o alumnado.
- Fomentar o aspecto lúdico da lingua.
- Traballar toda a comunidade educativa o mesmo centro de interese.

• SAMAÍN:

Durante esa semana envíase unha nota ás familias para que o alumnado participe nun concurso de cabazas e mazarocas de millo. O alumnado de Infantil e ata os primeiros cursos de Primaria traen unha cabaza decorada da casa e o resto dos cursos decórana nas clases e tamén participan no concurso. O premio entregarase no Festival do Nadal e consistirá nun diploma. As cabazas decorarán os corredores durante esa semana.

Farase tamén un corredor do medo no corredor que vai ao ximnasio. Alí decorarase con elementos propios do Samaín e porase música ambiental.

Ademais na Biblioteca faranse sesións de contacontos de medo dos cursos superiores aos inferiores. Estes contos serán de creación propia e outros de diferentes editoriais. Sempre en galego.

Dende o Equipo de Dinamización Lingüística aportamos información aos titores sobre a festa do Samaín: contos, lendas, outras actividades para traballar co alumnado.

Os obxectivos son:

- Dar a coñecer ao alumnado a festa do Samaín e traballar todo o profesorado e o alumnado en conxunto.
- Fomentar as festas tradicionais entre o alumnado.

• NADAL:

Con motivo do Nadal decoraranse as aulas e os corredores do centro con murais realizados polo alumnado.

Cada alumno/a fai unha postal de Nadal para participar no concurso en colaboración coa ANPA. Destas postais escóllese unha que será a que se mande ás familias. As demais colocaranse polos corredores do centro nunha exposición.

O festival de Nadal vaise celebrar o 18 de decembro. A esta festa serán convidadas as familias dos alumnos e alumnas. Cada curso preparará unha actuación para o festival de Nadal (panxoliña, baile, teatro,...).

Falaremos sobre o Apalpador.

O venres 20 está previsto facer un mercadiño solidario tal e como se fixo o curso anterior, e no que todos os avisos, circulares e carteis informativos irán en lingua galega colaborando coa súa dinamización.

Os obxectivos son:

- Dar a coñecer ao alumnado todo tipo de festas.
- Fomentar a participación entre o alumnado.
- Traballar en común toda a comunidade educativa.
- Potenciar o uso do galego en todos os contextos incentivando o seu uso e transmisión.

• DÍA DA PAZ:

Dende o Equipo propoñemos elaborar pancartas con frases simbólicas a favor da paz escritas en galego, así como tamén a lectura dun conto en galego para traballar co alumnado nas aulas.

Obxectivos:

- Expresarse en galego con frases e/ou oracións curtas.
- Empregar nas celebracións e festas a lingua galega.

• ENTROIDO :

No Entroido os obxectivos serán dar a coñecer ao alumnado do Centro información específica sobre o xeito de celebralo en distintos puntos da xeografía galega. Durante a semana de Entroido o Meco será o encargado de levar os mandados, coa axuda dos alumnos, ás aulas. Estes mensaxes serán en galego. Ao final da xornada procederase á queima do meco como é tradicional en Galicia.

O alumnado, xunto co profesorado, fará un pasarrúas vestidos co disface que se traballou nas aulas.

Haberá degustación de sobremesas propias do Entroido, tal e como é tradicional en Galicia.

Na Biblioteca farase unha exposición de receitas propias do Entroido.

Obxectivos:

- Dar a coñecer ao alumnado diferentes culturas e diferentes países.
- Fomentar a convivencia de xente de diferentes culturas.
- Traballar conxuntamente toda a comunidade educativa, fomentando a colaboración.

• **LETRAS GALEGAS:**

Elabórase eponse en práctica unha unidade didáctica, así coma se realizan as exposicións de traballos sobre o escritor homenaxeado, **Ricardo Carvalho Calero**, Ademais, o Festival das Letra Galegas dedicáselle ao homenaxeado e durante a presentación das diferentes actuacións diríxense diferentes notas alusivas á súa obra e todas as actuacións que se fan nese festival son en lingua Galega potenciando a dinamización do noso folclore.

Certame literario para alumnos/as cuxo premio entregarase no festival das Letras Galegas.

Os obxectivos son:

- Valorar a importancia da celebración das Letras Galegas,
- Valorar a importancia que ten para a nosa lingua que haxa escritos en galego.
- Coñecer os escritores/as de gran repercusión para a nosa lingua.
- Coñecer a biografía e a obra do da persoa homenaxeada.

COÑECEMENTO DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL E SOCIAL

Dada a riqueza cultural da nosa comarca de Ferrolterra, existen moitas actividades extraescolares encamiñadas a este obxectivo: coñecer o noso patrimonio cultural e social, con actividades como saídas, teatro, música en galego...

Intentaremos aproveitar todas aquelas que favorezan o uso e fomento da lingua galega e consideraremos oportunas, tendo tamén en conta os recursos económicos e temporais.

Obxectivos:

- Desenvolver accións encamiñadas á superación de prexuízos lingüísticos.

- Coñecemento de monumentos (castros, edificios, etc.) que son propios do noso pasado cultural.
- Recuperar tradicións populares: xogos, cantiga, bailes, refráns ou ditos.

ACTIVIDADES ORAIS E DE ANIMACIÓN Á LECTURA

• O CARRIÑO VIAXEIRO DA LINGUA:

Un carriño cheo de libros en lingua galega estará cada semana nunha clase, para que os nenos teñan máis variedade de lecturas en galego, a parte das que teñen nas súas aulas.

Obxectivos:

- Achegamento á literatura galega en todos os niveis.
- Motivar ao alumnado para que lea en galego.

Destinatarios:

Todo o alumnado do centro.

• SEMANA DA PRENSA:

Durante a semana da prensa no mes de marzo, tal e como se ven facendo durante estes cursos pasados, recompilaremos noticias da prensa en galego e expoñerémolas nun expositor para a lectura de toda a comunidade educativa.

Obxectivos:

- Achegamento á lingua galega lendo a prensa do día.
- Observar se a lingua galega está presente na prensa diaria e que tipo de noticias se redactan nesta lingua.
- Motivar ao alumnado para que lea en galego.

Destinatarios:

Todo o alumnado do centro e participación da comunidade educativa.

• VISITA DUN AUTOR, AUTORA OU ILUSTRADOR, ILUSTRADORA DE LITERATURA GALEGA E CONTACONTOS:

Os alumnos e alumnas realizan lecturas e traballos de comprensión lectora nas aulas sobre a vida e obras do autor/a de literatura infantil galega, que posteriormente visitará o centro e nos falará sobre o seu traballo. Isto realízase para 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.

Os principais obxectivos desta actividades son:

- Coñecer as obras do autor/a que nos visita, así coma a súa biografía.
- Levar a cabo un coloquio co autor/a
- Fomentar o gusto pola lectura entre o alumnado a través da visita dun personaxe implicado na creación ou ilustración de contos de literatura infantil.

Todo en colaboración co equipo de biblioteca.

Para os alumnos/as de Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria a visita será dun contacontos ou de actividades de animación á lectura.

Obxectivos:

- Introducir ao alumnado en galego como lingua vehicular.
- Introducir aos nenos e nenas nos contos en lingua galega

• EDICIÓN DO Nº XXVIII DO XORNAL ALFAR:

Coa colaboración do todo o alumnado do centro e coa axuda dos profesores e profesoras, editarase o xornal correspondente ao curso 2019-2020. Este xornal contará cos traballos de todos os niveis e con diversas seccións, estará escrito integramente en galego. Con isto inténtase reflectir parte dos traballos feitos ao longo do curso.

Dende hai tres cursos faise unha edición dixital que se colga na páxina do centro e imprímense algúns exemplares para traballar con eles nas aulas e na biblioteca na sección de producións propias.

Dado o bo resultado dos cursos anteriores imos continuar facendo igual neste curso

O motivo desta decisión é o alto custo da impresión e baixada do orzamento específico para normalización.

Obxectivos:

- Contribuír no uso da lingua no centro e no ámbito de influencia.

- Dignificar o uso do galego na prensa escrita como lingua de comunicación social e científica.
- Fomentar hábitos de traballo en equipo.
- Facer do xornal escolar unha tarefa común a toda a comunidade educativa.

• SOMOS CONTACONTOS:

Cada clase fai ou prepara contos que logo terán que escenificar e contar a outras clases. É unha maneira de favorecer a interacción entre o alumnado.

Levarase a cabo durante o mes de abril, coincidindo coa conmemoración do **Día do Libro**. Os alumnos deseñarán marcapáxinas con lemas sobre a animación á lectura, e a modo de concurso o máis orixinal será impreso para agasallar a todo o alumnado.

Obxectivos:

- Fomentar o gusto pola lectura e pola tradición oral entre o alumnado a través dos contos.

Esta é unha actividade destinada a todo o alumnado do centro. O alumnado de terceiro ciclo de educación primaria serán os encargados de levar estes contos aos outros ciclos educativos.

- Animar aos pais e nais a participar nas actividades do centro.

Destinatarios:

As familias do alumnado do centro educativo.

• EDICIÓN DO CALENDARIO ANO 2020:

Editarase un calendario do ano 2020 ilustrado cunha composición feita cun debuxo seleccionado entre os feitos por todo o alumnado do centro, ademais levará un lema alusivo á lingua galega.

Obxectivos:

- Normalizar a lingua escrita, tentando que o alumnado vaia asimilando a nomenclatura dos meses na forma galega, deixando de usar castelanismos.
- Prestixiar o uso da lingua galega.

Destinatarios: todo o centro educativo.

• COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS DA CONTORNA:

Todos os anos celébrase polo mes de maio o Certame Intercentros do Concello de Narón, que este ano acada á edición XXXI, onde participan todos os colexios e institutos da zona.

A organización deste certame corre a cargo dos centros participantes de maneira rotativa.

Obxectivos:

- Interrelación entre os distintos centros da zona.
- Achegamento á toda comunidade escolar dos diferentes traballos realizados polos nenos e nenas dos distintos ciclos e niveis.

• COMPRA DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRAFICO, AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO:

Coa intención de familiarizar ao alumnado no que atinxe ao fomento do uso da lingua galega, tanto a nivel escrito, como oral e informático.

Obxectivos:

- Potenciar a lingua galega con soportes escritos, audiovisuais e informáticos.

• USO DAS TIC

Co emprego de Internet, na páxina da Xunta e outras páxinas, como por exemplo a páxina Web do centro (dedicadas a nenos e nenas de infantil e primaria), podemos atopar recursos para facer un uso didáctico deles, aparte de servirles como divertimento e motivación.

Obxectivos:

- Emprego de Novas Tecnoloxías, as TIC, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de busca, filtración, selección e estudo crítico de páxinas web en galego.
- Utilizar as TIC para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos.

Este proxecto pretende animar os nosos alumnos/as non só a falar en galego senón tamén a ler e escribir na nosa lingua, que a empreguen para elaborar diferentes tipos de textos e que se divirtan lendo en galego. Buscamos, polo tanto, realizar unha serie de actividades, ao longo de todo o curso, nas que implicaremos a toda a comunidade educativa para acadar unha maior utilización da lingua galega.

6- COMPOÑENTES DA EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

- ❖ Elena Beatriz González Melchor. Ed. Infantil. Coordinadora.
- ❖ Enrique Blanco Guillén Ed. Física.
- ❖ M^a José Paris Torres Ed. Primaria
- ❖ Carolina Núñez García. Ed. Primaria.

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios	Orzamento-materiais
Todo o curso	Festas Tradicionais	Equipa de Dinamización da Lingua Galega	Toda a comunidade escolar	250 €
Mes de outubro	Samaín	Equipa de Dinamización da Lingua Galega, extrescolares e Biblioteca	Toda a comunidade escolar	100 €
Mes de novembro	Magosto	Equipa de Dinamización da Lingua Galega, extrescolares.	Toda a comunidade Escolar	100 €
Meses de novembro e decembro	Calendario 2020	Equipa de dinamización da Lingua Galega	Toda a comunidade escolar	600 €
Mes de xaneiro	Día da Paz	Equipa de Dinamización da Lingua Galega, extrescolares	Toda a comunidade escolar	150 €
Mes de febrero	Entroido	Equipa de Dinamización da Lingua Galega, extrescolares	Toda a Comunidade Escolar	250 €
Mes de marzo	Semana da Prensa	Equipa de Dinamización da Lingua Galega	Toda a comunidade educativa	30 €
Mes Abril	Día do libro	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e Biblioteca	Todo o alumnado do centro	150 €
Mes maio	Somos contacontos	Equipa de Dinamización da Lingua Galega	Todo o alumnado do centro	30 €
Mes de maio	Autor/a e contacontos	Equipa de Dinamización da Lingua Galega	Alumnado de Infantil e 1º Ciclo de Primaria e 2º e 3º ciclo de Primaria	500€

Mes de maio	Semana das Letras Galegas	Equipa de Dinamización da Lingua Galega.e Biblioteca	Toda a comunidade escolar	100 €
Mes de maio	Intercentros	. Equipa de Dinamización da Lingua Galega	Toda a comunidade escolar	400 €
Meses de abril, maio e xuño	“O carriño viaxeiro da Lingua”	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e Biblioteca	Todo o alumnado do centro	110 €
Todo o curso	Xornal O Alfar XXVIII	Equipa de Dinamización Lingüística	Comunidade escolar, biblioteca municipal, colexios e institutos da contorna.	300 €
Todo o curso	Utilización TIC	Equipa de Dinamización Lingüística	Toda a comunidade escolar	50 €
Todo o curso	Coñecemento do noso patrimonio cultural e social	Equipa de Dinamización Lingüística e Actividades Extraescolares	Todo o alumnado do centro	200 €
Todo o curso	Material bibliográfico, fonográfico, audiovisual e informático	Equipa de Dinamización Lingüística	Todo o alumnado do centro	200 €

TOTAL DE GASTOS PRESUPOSTADOS.....3820 €

V^{to} e Prace

A directora

A coordinadora

Asdo: Eva M^a Bouza Rey

Elena B. González Melchor

8.8. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.

8.8.1.- INTRODUCCIÓN

A lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola LOMCE, no seu artigo 113 segue a facer mención específica ás bibliotecas escolares como lugares onde se

fomentará a lectura e se facilitará a todo o alumnado e resto de comunidade educativa o acceso a información en diferentes soportes e formatos.

Conscientes do noso papel en relación coa formación deses novos lectores e usuarios de diversas fontes de información, concibimos a Biblioteca escolar como un lugar de aprendizaxe, de encontro, de lecer e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e responsabilidade dos alumnos. Continuamos traballando na promoción deste lugar como centro de recursos para a ensinanza e o aprendizaxe, integrándoa no currículo escolar e no Proxecto Educativo do noso Centro.

A persoa responsable da biblioteca escolar é ao mesmo tempo a directora do Centro neste curso.

8.8.2.- OBXECTIVOS

Durante o curso 2019-2020 centraremos o noso traballo na consecución dos seguintes obxectivos:

1. O noso obxectivo prioritario é apoiar ao profesorado no exercicio das súas practicas docentes e facilitar ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares.
2. Procuraremos incrementar a formación de usuarios, para que todo o persoal docente e o alumnado sexa quen de atopar os recursos que precisa dentro da biblioteca. O equipo dinamizador da biblioteca comprométese a formarse no programa Meiga para poder realizar préstamos, devolucións e fichar libros novos.
3. Recoller suxerencias do alumnado e o profesorado das súas preferencias á hora de dotar á biblioteca de novos materiais.
4. Crear e fomentar no alumnado o hábito e o gusto por ler, aprendendo a utilizar as bibliotecas ao longo das súas vidas con finalidades recreativas, informativas, de investigación e de formación permanente (formación de usuarios).
5. Fomentar entre o profesorado o uso deste espazo, centralizando cada vez máis os fondos dispoñibles evitando a súa dispersión en diferentes bibliotecas de aula.
6. Fomentar a expresión escrita e a creatividade do alumnado dándolles visibilidade as producións propias, tanto as relacionadas coa propia biblioteca como as de outros departamentos coma as do ENDL.

7. Promover os recursos da biblioteca entre os membros da comunidade educativa. Para iso cada titor ou profesor especialista ten un número de usuario de biblioteca o que lle permitirá retirar ata 25 títulos durante un mes para uso específico na aula. Logo do cal terán que volver á biblioteca para utilización doutros usuarios.
8. Impulsar a participación do profesorado e do alumnado en actividades de animación á lectura propostas.
9. Promover o funcionamento da Biblioteca como espazo de información, lecer e entretemento. Cada certo tempo faremos unha proposta. O alumnado que queira participar entregará o seu traballo na biblioteca para facer un libro, que logo se encadernará e gardará para o alumnado do centro.
10. Participar en actividades de fomento da lectura promovidas polo Concello, editoriais ou calquera outra institución. Intentaremos conseguir a visita dalgún escritor ou ilustrador relacionado coas lecturas recomendadas tamén en colaboración co ENDL.
11. Poñer ao alumnado en contacto con distintos tipos de textos (contos, poemas, cómics,...) así como textos en formato dixital e imaxes; contribuíndo así á alfabetización múltiple, consistente na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información. É unha competencia esencial para a vida e a porta cara o resto das aprendizaxes.
12. Dar a coñecer entre o alumnado a biblioteca escolar como un espazo que dispón dunha ampla oferta de materiais e recursos que están alí á súa disposición. Cumprimos así a función de compensación de desigualdades.
13. Fomentar entre os titores a utilización da Biblioteca no horario escolar. Para isto establecerase un horario onde, sen excluír outros momentos, o profesorado teña reservada unha hora semanal para traballar dentro da biblioteca.
14. Involucrar ás familias no fomento da lectura e na necesidade de ler. Invítalas a participar nas sesións de contacontos da biblioteca como un ente activo.
15. Proxecto Lector do Centro (Dotar á biblioteca de exemplares do Plan Lector).
16. Crear un itinerario lector, con títulos e autores recomendados, tanto polo alumnado como polo profesorado, para que ao final da etapa educativa leven unha bagaxe cultural que lles permitise coñecer autores e títulos fundamentais tanto en L. Galega como en L. Castelán.

17. Manter en funcionamento o “Carriño da Lingua” en colaboración co ENDL. Unha selección de títulos en L. Galega que irá recorrendo as diferentes aulas para o seu uso na “Hora de ler”.
18. Selección de novos exemplares para a Biblioteca, tendo en conta as necesidades e as preferencias literarias do alumnado. Daremos prioridade a adquisición de textos de tipo científico para a realización de proxectos atendendo as suxestións do profesorado.
19. Rexistro, forrado e etiquetado das novas adquisicións.
20. Dentro das posibilidades orzamentarias, procuraremos aumentar o número de ordenadores, así como a información en soporte audiovisual.
21. Procurarase dentro do posible a equiparación dos fondos bibliográficos en lingua galega e lingua castelá.

8.8.3.- FUNCIONAMENTO

Entre os obxectivos propostos para este curso sobre o funcionamento da biblioteca están:

- 1) Procurarase durante este curso formar equipos de alumnos colaboradores de xeito fixo e continuado:
 - a. Equipos de monitores de biblioteca.
 - b. Equipos de lectores da biblioteca.
- 2) A mascota da Biblioteca (profesor Gandarín) animará os diferentes proxectos levados a cabo dende a Biblioteca. Conta cun axudante máis pequeno e de peluche: “Gandariño”
- 3) Política de préstamos
 - a) Cada alumno ten un número de lector co que pedirá o préstamo dun libro ou dun CD.
 - b) Deberá devolvelo ao cabo de 7 días.
 - c) Se non rematara a lectura do mesmo, pode pedir prórroga outra semana pero ten que pasar co exemplar pola biblioteca para renovar o préstamo.
 - d) O alumno que non devolva o libro ou o deteriore gravemente de xeito intencionado terá que mercar outro igual ou similar.
 - e) Os libros que se poden levar prestados serán:

Os de lectura (narrativa, poesía, teatro, cómic, etc)

Os de consulta de pequeno formato.

- f) Non se prestarán dicionarios, enciclopedias ou libros de consulta de gran formato. A Biblioteca estará aberta todos os días durante o tempo de recreo para préstamos e devolucións. Estará así mesmo a disposición da comunidade educativa durante toda a xornada escolar.
- g) Non se permite o consumo de ningún alimento ou bebida dentro da biblioteca, xa que poden estragar os fondos.
- h) O uso dos ordenadores durante o recreo terá unha duración de 15 minutos por cada usuario. Ao rematar ese tempo será outro o que use o ordenador. Para distribuír mellor o tempo de uso dos ordenadores haberá un cadro de reserva a dispor dos usuarios.
- i) Teñen preferencia de uso nos ordenadores durante os recreos os usuarios que precisen consultar datos para a elaboración dalgunha tarefa.
- j) O usuario que eleve a voz, moleste intencionada e repetidamente aos outros usuarios ou non cumpra as normas será privado do dereito de uso da biblioteca durante o recreo por un período non superior a unha semana.

O Xefe de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: M^a Elena Pérez Fernández

8.9.PLAN LECTOR DE CENTRO.

8.9.1.-ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA .

O CEIP " A Gándara"está enclavado en Narón, preto de Ferrol, nunha zona de crecemento urbano e preto dunha zona de concentración industrial e comercial.

Preto do colexio atopase o Pazo da Cultura, unha gardería municipal , o pavillón municipal, un centro social e unha biblioteca.

En canto á lectura, na actualidade atopamos os seguintes problemas:

- Certo rexeitamento cara a lectura en xeral por parte dalgúns alumnos/as.
- Dificultades na comprensión lectora.
- Escaso vocabulario, sobre todo en Lingua Galega.
- Escasa motivación nalgunhas familias.
- Dificultades na:
 - Selección de libros de lectura para o lecer.
 - Localización de fontes de información adecuadas a unha actividade ou necesidade.
 - Manexo de obras de referencia en distintos soportes.
 - Localización de documentos e diferentes obras de consulta na biblioteca.

8.9.2.-ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

8.9.2.1.-PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO:

8.9.2.1.1-E. INFANTIL

Durante todo o curso realízanse actividades de animación á lectura a través de:

- ❖ A “hora do conto”:
 - Selección de contos.
 - Hábitos de escoita.
 - Actividades de comprensión.
 - Dramatizacións.
 - Traballos artísticos relacionados.
 - Tarxetas de vocabulario, personaxes, título do conto...
 - Partes do conto.
- ❖ Textos diversos:
 - Comprensión de contos, fábulas, poesías, trabalinguas, adiviñas, cancións...
 - Memorización e recitado de poesías.
- ❖ Biblioteca de aula:

- Dentro da aula, a biblioteca é un recanto fixo, o alumnado na “hora de recantos” poden ir libremente. Neste recanto como nos outros teñen unhas normas que cumprir e unas actividades, por exemplo, saber que conto queren ler, saber que conto están lendo, coidar os contos, ler por parellas, deixar recollido...
- En cinco anos, contando coa colaboración dos pais, tódalas semanas os nenos e nenas levan un conto para que llo lean na casa; as veces da biblioteca da aula, outras veces da biblioteca do centro.
 - ❖ Biblioteca do centro:
 - Participar nas actividades de animación á lectura propostas pola biblioteca do centro.
 - ❖ Revista escolar: participamos na elaboración da revista escolar O Alfar con traballos elaborados polo alumnado...
 - ❖ Saídas relacionadas: teatro, contacontos..
 - ❖ Informática: CD motivadores adaptados a súa idade: contos con actividades relacionadas, de aprendizaxe lecto-escritor, un ordenador por aula+ proxector+ brazo proxector de opacos., e nas aulas de EI 5 pizarras dixitais.

8.9.2.1.2. CURSOS DE 1º E 2º.

- ❖ Actividades previas á lectura.
- ❖ Interpretación das imaxes das lecturas, lembrar as imaxes que había co libro pechado. Anticipación do tema, segundo as ilustracións, facéndolles preguntas ou libremente.
- ❖ Lectura
 - Lectura tanto en silencio como en voz alta, colectiva, individual ou encadeada, en todas as materias todos os días.
 - Lectura dramatizada dun texto dialogado ou cómic.
 - Lectura comprensiva de distintos tipos de textos en diferentes formatos.
 - Memorizar e recitar poemas, adiviñas, trabalinguas... inventar, copiar rimas, poemas...
- ❖ Ortografía
 - Explicar palabras descoñecidas, para recordalas e ampliar vocabulario.
- ❖ Outras
 - Completar sopas de letras, encrucillados...

- Completar unha historia comezada ou cambiar o final (oralmente ou por escrito, individual ou colectivamente).
- Expresar sentimentos, emocións, ou opinións.

❖ Biblioteca

- Participación en todas as propostas da Biblioteca escolar.
- Biblioteca de aula (galego e castelán) lectura libre.
- Biblioteca escolar: unha hora semanal reservada para lectura libre dos libros da biblioteca.
- Prestamos nos recreos de xeito libre e individual.

❖ Ordenador

- Buscar no ordenador diversas actividades relacionadas cos temas traballados na clase coa axuda dos pais na casa.

8.9.2.1.3. CURSOS DE 3º e 4º

❖ Lectura

- Lectura en voz alta, baixa, encadeada ou dramatizada de diversos textos narrativos, poéticos e informativos das distintas materias (sociais, naturais, matemáticas, etc.)

❖ Ortografía

- Realización de ditados nos que hai que descubrir palabras, ou rematar unha historia.

❖ Outras

- Facer resumes e esquemas de Unidades Didácticas.
- Realizar sopas de letras, encrucillados...
- Buscar noticias (nos xornais) e elaborar eles as súas propias noticias.
- Traballo de investigación na casa sobre temas tratados na clase coa axuda dos pais.
- Lectura obrigatoria de obras en Lingua Galega dentro da hora de ler mais unha sesión da materia de Lingua Galega.
- Actividades de animación a lectura relacionadas cos textos traballados.
- Remuíños de ideas para a elaboración de diferentes textos: descrições, narracións...

❖ Biblioteca

- Consultas de libros na biblioteca sobre algún tema concreto.

- Semanalmente poden levar un libro da biblioteca, os préstamos faranse durante a hora do recreo e a selección é individual e libre.
- Dedicación dun tempo semanal a ler contos da biblioteca de aula, e dunha selección de libros da biblioteca do centro.
- Participación nas actividades que propón a biblioteca escolar.
- Encontros cos diferentes escritores dos textos seleccionados e lidos durante o curso.

8.9.2.1.4. CURSOS DE 5º e 6º.

❖ Actividades previas á lectura

- Se o texto ven precedido dunha lámina, tratamos de imaxinar sobre o que versa a lectura. Anticipar unha trama e un desenlace. Situar nun planisferio o país onde sucede a lectura.
- Anticipar a época histórica na que sucede fixándonos no vestiario ou na arquitectura que aparece na ilustración.

❖ Lectura

- Lectura silenciosa, con axuda do dicionario, para consultar dúbidas que poden xurdir.
- Realizar unha lectura colectiva en voz alta e unha comprensión da mesma oral ou escrita.
- Finalizar cun resumo que tamén pode ser oral ou escrito.

❖ Ortografía

- Correccións ortográficas individualmente e colectivamente.
- Escribir oracións co vocabulario novo aprendido.
- Escribir pequenos textos coas palabras aprendidas.

❖ Outras

- As composicións realizadas polos nenos sempre se len colectivamente, para corrixir erros e para enriquecerse coas ideas dos demais.
- Elaboración de textos diversos para gardar dentro da biblioteca escolar no apartado de “Producións propias”.

❖ Biblioteca

- Uso da Biblioteca de xeito autónomo e voluntario durante os recreos, onde os nenos elixen un libro para ler na súa casa.

- Participación nas actividades propostas pola Biblioteca escolar, e polo equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Uso da biblioteca escolar durante unha hora semanal para facer traballos de investigación, escritura cooperativa, lectura dramatizada ...

8.9.2.2. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS: SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR E OUTROS RECURSOS.

8.9.2.1. –SITUACIÓN DE PARTIDA:

- No referente aos soportes non escritos (CD, DVD, programas informáticos etc.) son escasos.
- Escasa utilización por parte do profesorado.
 - Tomáronse as seguintes medidas:
 - Actualización dos fondos, facendo fincapé no tema informativo.
 - Creouse un equipo de Biblioteca formado por catro persoas. Unha é a que leva as gardas de biblioteca durante o recreo. A coordinadora ten catro horas de garda para a catalogación dos fondos.
 - Continuouse a catalogación informatizada das obras aplicando a CDU simplificada para un uso sinxelo en E.I e E.P.
 - Proposta de actividades dende a Biblioteca Escolar tanto de uso propiamente dito da biblioteca, como de fomento da lectura, ou de campañas culturais.

8.9.3.OBXECTIVOS , FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

8.9.3.1.OBXECTIVOS XERAIS.

- Formación de lectores competentes en todo tipo de textos e soportes , con todo tipo de finalidades.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura. Estimular o hábito lector espertando a necesidade de ler dende as idades máis temperás.
- Descubrir no alumnado a sensibilidade literaria, cultivando o gusto e o gozo de ler, compensando na medida do posible a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Capacitar ao alumnado para un uso crítico e autónomo das diversas fontes informativas.

- Implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa, especialmente das familias, co fin de crear un ambiente lector dentro e fora do aula e do centro.
- Integración da Biblioteca Escolar no traballo cotián do centro, dotándoa de forma permanente dos recursos precisos para o seu funcionamento.

8.9.3.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

8.9.3.2.1.EDUCACIÓN INFANTIL:

- Experimentar a biblioteca de aula ou de centro (segundo a programación de aula) como lugar máximo de encontro co libro.
- Establecer un primeiro contacto co seu amigo o libro de forma lúdica e respectuosa.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca e o trato que se debe dar aos libros.
- Presentar a lectura como fonte de gozo e descubrimento, despertando o desexo de descubrila.

8.9.3.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Profundar na relación coa biblioteca como lugar que permite saciar a súa curiosidade.
- Espertar, favorecer e estender o gusto pola lectura como fonte de gozo e aprendizaxe, incrementando o interese pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Desenvolver a imaxinación e creatividade empregando os recursos que ofrece a biblioteca (de aula, de centro...), despertando a necesidade de elaborar creacións propias que formen parte dos fondos da biblioteca.
- Mellorar nos hábitos de comportamento na biblioteca, desenrolando hábitos de coidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- Formar ao alumnado e profesorado na metodoloxía bibliotecaria básica (formación de usuarios/as)
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible nos diferentes formatos e soportes da forma máis autónoma posible, aproveitando os recursos dispoñibles para ampliar os coñecementos adquiridos no aula.
- Ampliar a propia visión do mundo, abrindo a mente a outras realidades sociais e culturais con actitude de respecto e tolerancia.

O Xefe de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: M^a Elena Pérez Fernández

8.10 PLAN CONTRATOS –PROGRAMA. REFORZA-T

Características do contorno socio-educativo do centro :

É un centro educativo sostido con fondos públicos. Está situado no barrio do mesmo nome, no concello de Narón, limitando co concello de Ferrol. Nos últimos anos neste barrio leváronse a cabo moitas melloras urbanísticas , industriais, de servizos e comerciais (nas súas proximidades hai un polígono comercial). Todos estes aspectos repercutiron nun aumento da poboación que nos últimos anos está un pouco estancada por mor da crise económica

No colexio só se imparten Educación Infantil e Primaria. No curso 2019/2020 están funcionando 6 unidades de E.Infantil e 13 de E. Primaria.

O alumnado pertence, na súa meirande parte, a familias de clase media, pero tamén conta con bastante alumnado con recursos económicos baixos, familias desestruturadas e ambiente social desfavorecido.

Debido a que a maior parte das familias son traballadores por conta allea, debido a crise económica, o paro está producindo moitas dificultades económicas.

Hai algúns nenos inmigrantes, e algúns de etnia xitana.

Obxectivos que se perseguen no programa:

- a) Responder do mellor xeito posible ás necesidades deste alumnado de cara a facilitarlles a súa promoción á E.S.O.
- b) Mellorar a autoestima dos nenos e nenas que presentan algún tipo de dificultade de aprendizaxe, dado que isto repercute moi negativamente no seu traballo e no seu desenvolvemento emocional.
- c) Desenvolver hábitos de traballo e de estudio.
- d) Reforzar a aprendizaxe nas áreas instrumentais.
- e) Adquirir técnicas de estudio e mellorar a súa organización.
- f) Facilitar a coordinación entre o centro e as familias.

- g) Orientar as familias sobre medidas de actuación cos seus fillos.
- h) Garantir que durante a permanencia no centro se respecten as normas básicas de convivencia e de comportamento: puntualidade, respecto ós demais, coidado do mobiliario e do material propio e alleo, emprego axeitado dos espazos..
- g) Conseguir que acaden os contidos propios do seu curso.

Relación de actuacións que se pretenden desenvolver:

- a) Unha persoa, fóra do catálogo de persoal do centro, impartirá apoio pola tarde a alumnado seleccionado para este Plan.
- b) Semanalmente ou quincenalmente haberá reunións entre a persoa que leva a cabo o Plan o coordinador e o persoal do centro.
- c) Mensualmente nas reunións en pequeno grupo entre especialistas, titores e orientadora farase un seguimento do alumnado .
- d) Trimestralmente veranse os resultados acadados por este alumnado nas avaliacións correspondentes.

Razóns que xustifiquen a necesidade da actuación :

Segundo os resultados das avaliacións, das probas de avaliación de primaria e dos informes do departamento de Orientación consideramos que temos no centro alumnado que necesita atención educativa fóra do horario lectivo.

Este plan estivo funcionando neste centro durante os últimos nove cursos agás o curso 2011-12. Os resultados destes cursos foron moi satisfactorios polo que consideramos que debemos continuar.

Alumnado a quen vai dirixido :

Alumnado de 5º e 6º de E. Primaria. Un grupo de 5º e un grupo de 6º.

Profesorado implicado :

O profesorado que imparte clase nestes cursos participaría nas reunións de pequeno grupo que se fan mensualmente coa orientadora, facendo o seguimento deste alumnado, ademais necesítase unha persoa fóra do catálogo do centro para que faga o acompañamento polas tardes.

Accións concretas que se van desenvolver :

Proponse o seguinte :

Que a persoa que faga o acompañamento o faga de 16 h a 18 h. 4 días a semana , 2 días para 5º curso de E. Primaria e 2 días para 6º curso.

Facer un rexistro diario de asistencia para comunicar ao Equipo Directivo.

Establecer un decálogo de normas e premiar con puntos aos que as cumbran.

Cando consigan 50 puntos recibirán un premio.

Repartir as sesións do seguinte xeito :

- Unha hora para aclarar dúbidas e rematar as tarefas das clases da mañá.
- Quince minutos de xogos educativos.
- Trinta e cinco minutos de técnicas de estudo.
- Dez minutos de lectura comprensiva e cálculo mental.

Logros que se queren acadar :

- a) Que o alumnado que pase para a E.S.O teña no instituto as menores dificultades posibles
- b) Que mellore a autoestima do alumnado ..
- c) Que acaden hábitos de traballo e de estudio.
- d) Que melloren as aprendizaxes nas áreas instrumentais.
- e) Que acaden técnicas de estudio e melloren a súa organización.
- f) Que mellore a coordinación entre o centro e as familias.
- g) Que se oriente ás familias sobre medidas de actuación cos seus fillos.
- h) Que se respecten as normas básicas de convivencia e de comportamento: puntualidade, respecto aos demais, coidado do mobiliario e do material propio e alleo, emprego axeitado dos espazos..
- g) Que consigan acadar os contidos mínimos propios do seu curso.

Implicación das familias :

As familias deben implicarse na asistencia dos seus fillos no horario establecido. Tamén deberán asistir ás reunións que se lles solicite .

Cando empece o desenvolvemento do plan haberá unha reunión con todas as familias para informar de todo o relacionado co Plan Proa.

Terase unha reunión trimestral coas familias para informar do desenvolvemento do proxecto.

Recursos necesarios :

Recursos humanos :

1 persoa fóra do catálogo do centro.

Recursos materiais :

Axenda.

Libros e cadernos do colexio do alumnado.

Caderno específico do Proa.

Plan de Acción Titorial do centro.

Material da biblioteca do centro : dicionarios, libros de consulta, libros de lectura.

Utilización da aula de informática para que o alumnado aprenda a utilizar as novas tecnoloxías coma axuda para a adquisición de coñecementos.

Xogos de mesa.

Material de reforzo elaborado polo centro .

Fichas seleccionadas de atención, memoria e razoamento lóxico.

Proceso de seguimento e avaliación interna :

A avaliación será continua e , como xa mencionamos, farase un seguimento periódico entre o profesorado de acompañamento e o profesorado que imparte clases no terceiro ciclo, e trimestral nas avaliacións.

A directora:

A coordinadora:

Asdo: Eva M^a Bouza Rey

Asdo: Sandra Gómez Mariño

8.11. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.

No curso 2019/20 o equipo estará composto polo profesorado seguinte:

- Carlota Pena Freijomil
- Ana Ayala Rodríguez
- José Bernardo Montero Doce
- Xulio Antonio Prieto Bermúdez.
- M^a Belén Bellón Navarro.
- **Dolores Sagrario González López (Coordinadora).**

Tras analizar e debater o estado actual das TIC no noso Centro, establecemos para o presente curso os seguintes obxectivos :

1. Formar ao profesorado do centro na utilización e manexo das dúas fotocopiadoras novas.
2. Estender o uso da Aula de Informática entre o profesorado e o alumnado do Centro.
3. Ampliar a Bibliografía sobre TIC dispoñible na Biblioteca do Colexio.
4. Solicitar á Xunta de Galicia ou mercar algúns encerados dixitais para seguir dotando deste soporte o maior número de aulas posibles.
5. Formar ao profesorado do centro no manexo e utilización da páxina web do colexio.
6. Continuar a xestionar a WEB do Colexio (as profesoras Ana Ayala e Dolores González, integrantes do equipo de TIC que son as encargadas dese labor).
7. Educar ao alumnado de 5º e 6º de E. Primaria no uso de internet coa colaboración da Policía Nacional.
8. Continuar co mantemento dos ordenadores da aula de informática.
9. Pedir ao Concello outros mapas para usar en robótica.
10. Elaborar un manual de uso sinxelo para solucionar pequenos problemas no uso das TIC nas aulas.

O Xefe de estudos:

A coordinadora:

Asdo: Enrique Balnco Guillén

Asdo: Dolores Sagrario González López

8.12. PLAN DINAMIZADOR DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

1.COMPOSICIÓN.

Este curso as compoñentes do Equipo de Convivencia son as seguintes :

- María del Mar Rey Lago.(EI)
- **Mª Dolores Carpenle Carpenle (3º EP) Coordinadora**
- Mª Carmen Ogaza Rojas. (D.O.)
- Nuria Gutiérrez González (2º EP)
- Vidal Sanjurjo, Anilda (Titora 6º A)

2.-OBXECTIVOS .

Este curso seguiremos traballando nos seguintes bloques:

- “COIDAMOS O NOSO ENTORNO “ : Procurar un ambiente acolledor: limpo, ordenado e cun ton de voz axeitado.
- “COIDAMOS AS PERSOAS “ : O obxectivo e traballar distintas habilidades sociais ó longo do curso e prevención do acoso escolar e de calquera outro tipo de abuso.
- “COIDAMOS AS RELACIÓNS” : O obxectivo é traballar a mediación como forma de resolución de conflito, mellorar os estilos de comunicación, aumentando o estilo asertivo fronte ó estilo inhibido ou agresivo e intentarase introducir técnicas de relaxación nas aulas.

3.- PROPOSTA DE TRABALLO.

3.1- COIDAMOS O NOSO ENTORNO:

1.- Limpeza de patio: Explicar en tódalas clases as normas para a reciclaxe, que separen axeitadamente os papeis, plásticos e restos de comida nos distintos colectores.

O alumnado de 1º, 2º e 3º participará na limpeza do patio e no control de que ninguén tire cousas ao chan na primeira metade do recreo.

2.- Limpeza de baños : O alumnado de 4º, controlará esporadicamente os baños e levará un rexistro. O alumnado que manteña limpo o baño recibirá un premio.

3.- Movemento polo colexio en orden.

3.2-COIDAMOS AS PERSOAS E AS RELACIÓNS:

1.- Traballar as normas de clase que están elaboradas, facendo partícipes ós alumnos nas consecuencias do seu incumprimento.

2.- Traballar as habilidades sociais semanalmente:

-Habilidades de interacción social:

- Sorrir e rir.
- Saudar.
- Presentacións.
- Favores.
- Cortesía e amabilidade.

- Habilidades para facer amigos e amigas:

- Reforzar aos outros.

- Iniciacións sociais.
- Unirse ao xogo con outros.
- Axuda.
- Cooperar e compartir.

- Habilidades de conversa:

- Iniciar conversas.
- Manter conversas.
- Rematar conversas.
- Unirse as conversas de outros.
- Conversas de grupo.

- Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións:

- Autoafirmacións positivas.
- Expresar emocións.
- Recibir emocións.
- Defender os propios dereitos.
- Defender as propias opinións.

- Habilidades na solución de problemas interpersoais:

- Identificar problemas interpersoais.
- Buscar solucións.
- Anticipar consecuencias.
- Elixir unha solución.
- Probar a solución.

- Habilidades para relacionarse cos adultos:

- Cortesía co adulto.
- Reforzo ao adulto.
- Conversar co adulto.
- peticións ao adulto.
- Solucionar problemas con adultos.

3.- Tratar e previr “ *bullying*”/ “acoso escolar” e calquera outro tipo de abuso.

- Empregar a caixa de suxestións para que cada quince días vaian dicindo como se senten tanto no colexio como na casa.

- Proporcionarase o protocolo da Xunta: “ Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso” a todo o profesorado.
 - Realizaranse sociogramas en tódalas clases para ver o funcionamento da aula.
 - Proporanse dinámicas cooperativas que fomenten a boa relación entre iguais.
 - Daranse fichas sobre o acoso escolar para que se fagan en tódalas clases.
 - Contarase en todas as clases o conto de “ Pedro” : Conto inventado sobre o acoso escolar. A partires del faranse distintas actividades e proporase o “bo/boa compañeiro/a da semana”.
- 4.- Facilitar ó profesorado protocolos de actuación ante a diversidade.
- 5.- Continuar a formación na aprendizaxe cooperativa e no traballo por proxectos.
- 6.-Continuar coa formación de mediadores (5º e 6º de E. Primaria) que actuarán na resolución de conflitos.
- 7.- Traballar o estilo “ asertivo” fronte ó agresivo e inhibido.
- 8.- Propoñer técnicas de relaxación en tódalas aulas.
- 9.-Escoller contos de distintas temáticas: emocións, discapacidades, comportamento, circunstancias familiares difíciles.... para traballar en cada aula.

Os ciumes : Traballarase a partires dos seguintes contos:

- “Cuando estoy celoso” de Editorial SM,
- “ El nuevo hermanito” de Bruno
- “ Yo soy el mayor” de SM
- “ Celos” de Everest.

A separación dos pais: A partires dos seguintes contos:

- “Mamá y papá se separan” de Ediciones Morata
- “ Teño dúas casas” de Edicións Embora
- “ Mis padres ya no son novios... ahora son amigos” de Editorial Salvatella.
- “ Esto no es una fábrica de sonrisas”- Editorial “ La Galería”.
- “Vaia lío de familia!”- Editorial “La Galera”

A dislexia: Traballarase a partir do conto:

- “Que lle pasa a Marcelo?”: Conto inventado este curso sobre un alumno disléxico. Contarase en todas as aulas e faranse despois distintas actividades.

Outros contos son:

- “ Me cuesta leer” de Editorial Salvatella.
- “ Tengo dislexia”- Editorial Miau.

Propoñemos tamén a película india con subtítulos en español: “ Como estrellas sobre la tierra”.

Trazos do espectro autista: A partires dos contos:

- “ Síndrome de Ásperger” de Editorial Salvatella.
- “ El síndrome de Asperger”- Equipo Deletrea.
- “ Quieres conocerme?”- Autismo. Editorial Salvatella.
- “ Juan tiene autismo”- Editorial Miau.

A Hiperactividade: A partires dos contos:

- “ Topito Terremoto”- Editorial Beascoa.
- “ Alex, basta ya! Editorial Salvatella
- “ Clara non para” de Baia Edicións “
- “ Ratoncito Fernandito no para quieto ni un poquito” de Ediciones Fortuna.

A morte : A partires dos contos.

- “ Mi amiga invisible”- Editorial Salvatella.
- “ A nai da nai da miña avoa”- Editorial Hercules Ediciones.
- “ Hoy estoy triste”- Editorial Beascoa.
- “ No es fácil pequeña ardilla” de Kalandraka
- “Para siempre” de Timun Mas.

A ira /A tranquilidad: A partires dos contos.

- “ Cando estou tranquilo”- Baía edicións.
- “La cola de dragón” de Editorial Salvatella
- “ O segredo de Flora” de edicións Embora
- “ Yo pienso, yo soy” de Ediciones Jaguar
- “ Sin excusas” de Ediciones Jaguar
- “ El perrito Antón se comporta como un matón” de Ediciones Fortuna
- “ A princesa que bocexaba a todas horas” de OQO.

As diferenzas : A partires dos contos.

- “ Orelas de bolboreta” de Kalandraka,
- “ Si, son gorda” de Ediciones Brosquil,

- “ Las cosas que le gustan a Fran” de Editorial Violeta Infantil
- “ Negros e Brancos” de Xerais, ¿” Cal é a miña cor”? de Xerais.
- “ Monstruo rosa” de Apila

As discapacidades: a partires dos contos:

- “ Son especial para os meus amigos” de Rodeira
- “ Mimi y la jirafa azul” de Editorial Salvatella.

Os medos : A partires dos contos:

- “ A superheroína supersónica”- Editorial Baía Edicións.
- “ Te aseguro que los monstruos no existen” de Elfos
- “ Gato Guille e osa monstros” de Kalandraka
- “Un pesadelo no meu armario” de Kalandraka.
- “ Los atrevidos dan el gran salto” de Beascoa

A convivencia:

- “El diario de la convivencia en clase” de Desclée Aprender a ser.
- “Aprender a comportarme” de Geu
- “Energías y relaciones para crecer” de Parramón

As emocións: A partires dos contos:

- “ Valores de oro”de Palabras Aladas.
- “ El gran libro de las emociones”- Editorial Parramón.
- “ El arte de emocionarte “ de Nube de tinta.
- “ Leo te ayuda las emociones básicas” de Psylicom
- “El gran libro de las emociones” de Parramón
- “Los atrevidos en busca del tesoro” de Beascoa
- “Manual para soñar” de Palabras Aladas
- “Emocionario” de Palabras Aladas
- “Cómo está el clima” de Parramon
- “Colección desde dentro” de Salvatella

O Xefe de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: Dolores Carpenente

8.13. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DE PROFESORADO.

Os Plans de Formación Permanentes de Profesorado (PFPP) son plans específicos de formación permanente que, partindo dunha avaliación das necesidades do centro, permitan deseñar accións formativas destinadas á actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Este Plan nace das inquietudes por buscar unha escola inclusiva, unha escola que non discrimine a ninguén, unha escola que permita que os nenos que son “diferentes” por diversos motivos (discapacidade, non domina a lingua predominante, por pertencer a un entorno social marxinal, etc) poidan progresar dentro da aula.

Unha das maneiras máis efectivas para que estes nenos progresen é a través dunha clase organizada de maneira cooperativa, na que todos colaboran e cooperan, axúdanse para alcanzar un obxectivo común de progresar na aprendizaxe, cada un ata o máximo das súas posibilidades.

Poñer en marcha este tipo de aprendizaxe supón un cambio metodolóxico, dito cambio que permitirá obter beneficios para todos: alcanzar maior autonomía, desenvolver a tolerancia a solidariedade, mellorar nas competencias clave, mellorar as relacións entre o grupo de iguais e a relación profesor-alumno, mellorar no traballo individual, etc

Neste curso 2019-2020 continuamos co PFPP incrementando a Dinamización da páxina web do centro e a robótica educativa. O grupo que participa nesta liña terá que asistir a unha serie de sesións de formación e ademais facer un traballo teórico e práctico que durará todo o curso. Os mestres que participan este ano son os que aparecen na seguinte táboa. Este ano teremos dúas modalidades: Grupo de traballo + Seminario de 50 horas de formación e outra so seminario de 20 h. de formación.

DINAMIZACIÓN DA PÁXINA WEB E ROBÓTICA EDUCATIVA: GRUPO DE TRABALLO + SEMINARIO

Muiños Rodríguez, Fátima	Prieto Bermúdez, Xulio A
Gómez Mariño, Sandra	González López, Dolores S.
Montero Doce, José Bernardo	Carballo Leira, Paula
Salgueiro Veiga, Emma M ^a	Graña Piñeiro, Ana
Ogaza Rojas, María Carmen	Blanco Guillén, Enrique
Bouza Rey, Eva María	Sanmartín Miramontes, Alba

Vellón Fernández, Lucía

Julías Casás, María C.

SO ROBÓTICA -GRUPO DE TRALLO:

Belén Bellón Navarro

M^a Mar Rey Lago

Dolores Basoa López

Ana Ayala Rodríguez

8.14- PLAN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

INTRODUCCIÓN

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares está constituído este curso 2019/2020 polos seguintes membros:

- ❖ Fátima Muíños Rodríguez.
- ❖ Purificación Pernas García
- ❖ María del Carmen Julías Casás
- ❖ Sandra Gómez Mariño
- ❖ Emma María Salgueiro Veiga .
- ❖ **Lucía Vellón Fernández (coordinadora).**

Propóñense os seguintes obxectivos:

- Organizar e poñer en práctica (en colaboración co resto de profesorado do centro) as actividades para celebrar as distintas conmemoracións e festividadeas marcadas no calendario escolar 2019/2020 así como outras datas que se acorden xunto co resto do profesorado.
- Promover e colaborar nas saídas dos distintos niveis e proporcionar información sobre as mesmas.
- Achegar as distintas actividades que oferte o concello ou outras entidades e promover a súa participación.

A presente programación ten como finalidade recoller e analizar as actividades que o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias deste centro organiza ou desenvolve, en maior ou menor medida, para este curso, agrupadas do seguinte xeito:

1. Conmemoracións.
2. Festivais
3. Actividades complementarias: visitas, excursións e saídas
4. Actividades extraescolares.

Nos casos de non existir concreción de datas ou actividades, estas serán fixadas ao longo do curso, dada a dificultade existente para a determinación dalgunha delas ao inicio do curso. Así, todas aquelas posibles concrecións ou a realización de actividades inicialmente non propostas aparecerán reflectidas na Memoria Final.

– CONMEMORACIÓNS

1º TRIMESTRE:

- Samaín: última semana do mes de outubro.
- Magosto: primeira semana de novembro.
- Nadal: 18 de decembro.

2º TRIMESTRE:

- Día da Paz: 30 de xaneiro.
- Entroido: 22 de febreiro.

3º TRIMESTRE:

- Día das Letras Galegas: última quincena de maio.

Ditas conmemoracións, así como os festivais reflectidos máis abaixo, celebraranse a nivel de centro, pero ademais cada mestre/a na súa aula e co seu grupo de alumnos/as poderá celebrar as datas que se reflicten no artigo 8º da Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do venres, 28 de xuño de 2018), e aproveitar para traballar sobre temas relacionados coas conmemoracións que se citan:

- 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 3 ao 10 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 11 ao 15 de marzo de 2020: Semana da Prensa.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 23 e o 26 de abril de 2020: Semana do libro

Tal e como establece esta mesma orde, cando algunha das datas ás que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior segundo estableza a programación xeral anual.

FESTIVAIS

1º TRIMESTRE: Festival de Nadal: 18 de decembro.

2º TRIMESTRE: Letras Galegas: segunda quincena de maio (data por determinar).

3º TRIMESTRE: Festa de fin de curso (organizada pola AMPA): 19 de xuño

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: VISITAS, EXCURSIÓNS E SAÍDAS

As visitas, saídas e excursións son organizadas polos distintos ciclos en función das súas preferencias ou da relación que estas teñan cos contidos educativos a tratar no nivel para o presente curso.

Inicialmente están propostas as seguintes saídas:

a) EN EDUCACIÓN INFANTIL:

1º TRIMESTRE: Obra de teatro ofertada polo concello.

2º TRIMESTRE: Algunha das saídas ofertadas polo concello (Pedroso / Aldea Nova).

3º TRIMESTRE: Granxa escola Belelle/Aldea Nova.

Calquera outra que se poida presentar relacionada cos proxectos traballados.

b) EN 1º CICLO DE PRIMARIA:

1º TRIMESTRE:

- 1º e 2º EP: Pazo da Cultura de Narón.

- 1º e 2º EP: A Fundación.

2º TRIMESTRE:

- 1º e 2º EP: Museo de historia Natural e Meninas.
- 1º e 2º EP: Lonxa da Coruña.

3º TRIMESTRE:

- 1º e 2º EP: Aldea Nova- Pedroso.
- 1º EP: Aínda sen determinar.

c) EN 2º CICLO DE PRIMARIA:

1º TRIMESTRE:

- 3º e 4º EP: Obra de teatro ofertada polo concello.
- 3º nivel : Museo de Belas Artes da Coruña.
- 4º nivel: Museo Etnográfico da Capela e Fragas do Eume.

2º TRIMESTRE:

- 4º EP: Casa das Ciencias.
- 3º EP: Excursión Casa dos peixes (A Coruña).

3º TRIMESTRE:

- 3º EP: Museo Caldoval (Mugardos).
- 4º EP: Museo do humor e Educación Vial en Fene.
-

d) EN 3º CICLO DE PRIMARIA:

1º TRIMESTRE:

- 5º e 6º: Obra de teatro ofertada polo concello.
- 5º EP: Saída ao Beelle e andaina polo río e por un tramo do Camiño Inglés.
- 6º EP: Saída a Muncyt.

2º TRIMESTRE:

- 5º EP: Visita a Exponav.
- 6º EP: Visita ao Parlamento Galego.

3º TRIMESTRE:

- 5º EP: Viaxe á Granxa escola.
- 6º EP: Viaxe a Madrid.

Nota: A realización destas actividades pode sufrir modificacións ao longo do curso, xa que moitas delas teñen que solicitarse previamente e os abanos de datas de realización son moi amplos, como o caso da Biblioteca Municipal (de novembro a maio).

Ademais destas saídas, en todos os ciclos valoraranse as propostas que se reciban ao longo do curso e realizaranse aquelas que se consideren axeitadas.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son as organizadas pola ANPA do centro en horario non lectivo, con presenza no centro de profesorado de garda. A súa distribución é a seguinte:

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 a 17:00	- Kárate (1) - Multideportes (primaria)	- Patinaxe. - Ludoteca.	- Kárate (1) - Xadrez (primaria)	- Patinaxe - Guitarra. - Debuxo e pintura (1,5 horas, primaria).	- Skate (primaria) - Zumba - Cociña creativa. 1,5 horas.
17a 18:00	- Kárate (2)		- Kárate (2)		

O Xefe de Estudos

A coordinadora

Enrique Blanco Guillén

Lucía Vellón Fernández

8.15- PLAN DE IGUALDADE.

1. Introducción.

Durante o curso 2018-19 a Comunidade educativa do CEIP A Gándara detectou a necesidade de recoller todo o traballo de coeducación que se levaba desenvolvendo durante anos a través dun documento marco.

No presente curso 2019-20, a Xunta de Galicia insta aos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as etapas de educación infantil, primaria, secundaria ou formación profesional, a elaborar un Plan de igualdade. O Plan formará parte do Proxecto Educativo de cada centro, e desenvólvese anualmente no marco da PXA (Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa)

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

2. Contextualización da normativa e do centro.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

No preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes** establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O **artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia** en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades

do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais destas medidas legislativas tivéronse en conta as seguintes:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Autonómica

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).

- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

- O profesorado do centro é maioritariamente feminino. Así dentro dun cadro de persoal formado por 32 docentes, so 3 son profesores.
- O persoal administrativo e de servizos tamén é totalmente feminino: unha conserxe e unha administrativa.
- O persoal coidador tamén é totalmente feminino: dúas coidadoras.
- O persoal de limpeza tamén é totalmente feminino: catro limpadoras, aínda que o encargado da limpeza dos cristais é un home.
- Do persoal encargado de servir e coidar no comedor tamén é totalmente feminino: sete monitoras-coidadoras.
- O equipo Directivo está formado por dúas profesoras (Directora e Secretaria) e un profesor (Xefe de Estudos).
- O alumnado é nunha porcentaxe moi pequena maioritariamente masculino. En E. Infantil hai 68 nenas fronte a 81 nenos dos 149 que hai en total. E en E. Primaria hai 138 nenas fronte a 179 nenos dos 317 que hai matriculados.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1- Promoción da Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro.

- Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro se contemplen obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes .
- Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos. Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.
- Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade, promover o cambio das relacións entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado.
- Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.

4.2- Prevención, detección e intervención nos casos de violencia de xénero.

- Obxectivo “violencia cero nas aulas e nos recreos”.
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
- Sensibilizar sobre a importancia da corresponsabilidade.

4.3- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Sociedade igualitaria, empregando a educación como medio para combater a discriminación.
- Usar modelos de familias e relacións de parella variados, tal e como son na sociedade actual e como temos nas nosas aulas.

4.4- Prevención, detección e intervención no caso de LGBTifobia.

- Inclusión e integración da diversidade sexual e plena de todas as persoas sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1- Organización do centro.

- O centro está organizado en seis aulas mixtas de E. Infantil e 13 de E. Primaria.
- Cando se organizan as aulas de 4º de E. Infantil un dos criterios usados para repartir o alumnado é que haxa unha equiparación entre o número de nenos e nenas que hai en cada aula.
- Fomentar a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas.

5.2- Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Na elección de materiais educativos terase en conta que non transmitan estereotipos nin masculinos nin femininos, senón que promovan a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- No xogo simbólico que aparece nas aulas de infantil e primeiras etapas de primaria non se diferenciarian os xoguetes en función dos sexos.

5.3- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Non haberá no centro discriminación entre nenos e nenas na utilización dos espazos, nin dos recursos e fomentaranse os modelos femininos nas distintas áreas do saber para que tamén haxa referentes e modelos a seguir dese sexo.

5.4- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Educar en igualdade aloxándonos dos estereotipos, prexuízos e discriminacións.
- Transmitir unha imaxe do centro, plural e non estereotipada.

6. Seguimento e avaliación.

- Dentro do Consello Escolar formouse un grupo de traballo para o seguimento deste Plan. Tamén está constituído o Observatorio da convivencia.
- O concello de Narón ten previsto formar un grupo de traballo para dar información e xuntar esforzos por parte de todos os centros educativos do municipio.
- A inspección educativa supervisará este plan para formular as suxestións e correccións oportunas.

Este Plan foi redactado con información do centro, dos pais e baseándonos no I plan de igualdade Intercentros elaborado no Concello de Bueu.

9.-TAREFAS EXTRAESCOLARES

Segundo o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes poderán incluír dentro da súa PXA, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo

os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

10. QUENDAS DE VIXILANCIAS.

Segundo a orde do 22 de xullo de 1.997, DOG do 2 de setembro de 1.997, as quendas de vixilancia serán do seguinte xeito:

No patio de educación infantil estarán por cada 25 alumnos ou fracción 1 profesor/a

No patio de educación primaria estarán por cada 50 alumnos ou fracción 1 profesor/a.

O listado de vixilancias está exposto no taboleiro da sala de mestres/as .

Hai dúas quendas: Unha para o patio de E. Infantil e outra para o patio de E. Primaria. No patio de E. Infantil hai sempre seis persoas vixiando (hai seis aulas de E. Infantil no patio) polo que cada día libra unha persoa da quenda. No patio de E. Primaria hai sempre seis persoas de vixilancia (hai trece aulas no patio de 1º a 6º de E.P.) polo que en cada quenda libra unha persoa, sempre que non falte ninguén da quenda dese día.

A súa vez, durante o recreo, estará funcionando a Biblioteca (todos os días, cunha profesora de garda) e a Ludoteca (luns, mércores e venres, cunha profesora de garda).

O alumnado de EI. 3 anos A e B **farán os recreos de 11:00 A 11:30 h.** os días que non choiva **durante o primeiro trimestre** para permitir a adaptación do novo alumnado. As vixilancias deste recreo serán realizadas polas titoras e as mestras de apoio de E. Infantil, librando cada día unha delas. A partir do mes de xaneiro entraran nos mesmos grupos que o resto de E.I. xa que farán o recreo todas xuntas.

QUENDAS DE RECREO NOS DÍAS DE CHUVIA:

Os días de choiva o recreo de 4º de E.I. será de 11:30 a 12:00 h, no corredor da entrada. O resto de E.I. será no ximnasio e nas aulas, alternándose 5º de E.I. e 6º de E.I. .

O alumnado de E.P. nos días de choiva baixarán ao patio cuberto segundo o andar onde se sitúen as súas aulas: primeiro baixarán os do segundo andar e os do primeiro andar permanecerán nas aulas, logo no segundo cuarto de hora intercambiaranse.

No patio cuberto superior estarán na primeira quenda: 3º A, 3º B e 5º A e 5º B e no de abaixo: 6º A , 6º B e 6º C

Na segunda quenda estarán arriba: 1º A, 1º B, 2º A e 2º B e no patio de abaixo: 4º A e 4º B

QUENDAS DE GARDA DE RECREO: (Dúas por cada patio)

PATIO INFANTIL 1	PATIO INFANTIL 2	PATIO PRIMARIA 1	PATIO PRIMARIA 2
Basoa López, Dolores (Apoio 4º B)	Bellón Navarro, María Belén (Apoio 4º A)	Graña Piñeiro, Ana (Titora 1º A)	Santalla Fernández, Susana (Titora 2º A)
González Melchor, Elena Beatriz (Titora 4º B)	Carballo Leira, Paula (Titora 4º A)	Paris Torres, María José (Titora 1º B)	Gutiérrez González, Nuria (Titora de 2º B)
Ayala Rodríguez, Ana (Titora 5º A)	Julías Casás, María del Carmen (Titora 5º B)	Pérez Fernández, María Elena (Titora 3º A)	Pena Freijomil, Carlota (Titora de 4º A)
Rey Lago, María del Mar (Titora 6º A)	Muíños Rodríguez, Fátima María (Titora 6º B)	Carpente Carpente, María Dolores (Titora 3º B)	Casanova Mayo, Belén (Titora de 4º B)
Blanco Guillén, Enrique (Educación Física)	Montero Doce, José Bernardo (Educación Física)	Vidal Sanjurjo, Anilda (Titora 5º A)	Gómez Mariño, Sandra (Titora de 6º A)
Pernas García, Purificación (Música)	González López, Dolores Sagrario (Relixión)	Vellón Fernández, Lucía (Titora 5º B)	Sabín Mesa, Silvia María (Titora de 6º B)
Salgueiro Veiga, Emma María (Inglés)	Pita Fernández, Nuria María (AL)	Vázquez Lojo, Patricia (PT)	Núñez García, Carolina (Titora de 6º C)

GARDAS DE RECREO NA BIBLIOTECA (HAI UN CADRO COS DIAS NO TABOLEIRO DA SALA DE PROFESORES)

Bouza Rey, Eva María (Directora)

Prieto Bermúdez, Xulio Antonio (PT)

Sanmartín Miramontes, Alba (AL compartida co CEIP A Solaina)

11.- LIBROS DE TEXTO :

ED. INFANTIL 4º CURSO (3 ANOS)

MATEMÁTICAS ABN 1.ED. ANAYA ISBN 978-84-678-3238-9

PROXECTOS; CUANTO SABEMOS ! EL HADA Y LOS DUENDES.ED. SANTILLANA

ISBN 978-84-680-0214-9

ED. INFANTIL 5º CURSO (4 ANOS)

-PROYECTO DINOSAURIOS 3.0.ED SANTILLANA ISBN 978-84-680-4978-6

-PROYECTO “EL CASTILLO NIVEL 3.0.ED SANTILLANA

ISBN 978-841-680-4911-3

-MATEMÁTICAS MÉTODO ABN 2, 4 ANOS. ANAYA EDUCACIÓN

ISBN 978-84-678-3239-6.

ED. INFANTIL 6º CURSO (5 ANOS)

MIS LETRAS CON ENLACE INICIAL. VERSIÓN PAUTA Nº 4. SANTILLANA.ISBN 978846801203-2

MATEMATICAS 3, METODO ABN. CUADERNOS 1 Y 2.ANAYA 2016

ISBN 1: 9788469814185

ISBN 2: 9788469811856

TALLER ROBÓTICA NIVEL 3. SANTILLANA. ISBN 9788468027685

PROYECTO “LOS EGIPCIOS” NIVEL3, 5 AÑOS ED.SANTILLANA

CUANTO SABEMOS ISBN 978-84-1410389-0

1º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATE +	SANTILLANA	9788468032740	2015
LENGUA +	SANTILLANA	9788468040011	2017
LÍNGUA GALEGA (PROXECTO ZOOM)	VICENS VIVES	9788468255910	2018
LECTURAS COMPETENCIALES	VICENS VIVES	9788468254685	2018
CONSTRUÍMOS XOGUETES (PROXECTO)	SANTILLANA	9788491851219	2018
OS NOSOS AMIGOS OS ANIMAIS (PROXECTO)	SANTILLANA	9788499729152	2018
RELIGIÓN CATÓLICA 1º	ANAYA	9788467876048	2015
BIG SURPRISE 1 CLASS BOOK	OXFORD	9780194516204	2013

2º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
LENGUA +	SANTILLANA	9788468051680	2019
MATE +	SANTILLANA	9788468025452	2015
LINGUA GALEGA (PROXECTO ZOOM)	VICENS VIVES	9788468255989	2018
LECTURAS COMPETENCIALES	VICENS VIVES	9788468256252	2018
CIENCIAS DA NATUREZA 2 (PROXECTO ZOOM)	VICENS VIVES	9788468255996	2018
CIENCIAS SOCIAIS 2 (PROXECTO ZOOM)	VICENS VIVES	9788468256009	2018
RELIGIÓN CATÓLICA 2º	ANAYA	9788467876062	2015
BIG SURPRISE 2 CLASS BOOK	OXFORD	9780194516211	2013

3º DE ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS 3 GALICIA ISBN 9788467885743 ANAYA

CIENCIAS DA NATUREZA 3 GALICIA ISBN 9788467885682 ANAYA

CIENCIAS SOCIAIS 3 GALICIA ISBN 9788467870640 ANAYA

LENGUA CASTELLANA 3º SABER HACER SANTILLANA ISBN 9878468011967

INGLÉS: 3º BIG SURPRISE! CLASS BOOK OXFORD ISBN 9780194516389

3º BIG SURPRISE! ACTIVITY BOOK OXFORD ISBN 9780194516228

RELIXIÓN CATÓLICA 3º EDICIÓN 2015 ISBN 9788467883930

4º DE ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS 4º: ANAYA. EN CONEXIÓN. ISBN:978-84-678-7781-6

CIENCIAS SOCIAIS 4º: ANAYA. EN CONEXIÓN. APRENDER A CRECER. ISBN:978-84-678-8021-2

CIENCIAS DA NATUREZA 4º: ANAYA. EN CONEXIÓN. APRENDER A CRECER. ISBN:978-84-678-8017-5

L.CASTELLANA 4º: SANTILLANA . MOCHILA LIGERA. SABER HACER. ISBN: 978-84-680-2956-6

LINGUA 4º: SANTILLANA . MOCHILA LIXEIRA. SABER FACER. ISBN:978-84-9972-616-8

INGLÉS 4º:

BIG SURPRISE CLASS BOOK . ISBN: 9780194516396 AUTOR: SUE MOHAMED. ANO:2013.

BIG SURPRISE ACTIVITY BOOK. ISBN 9780194516235 AUTOR: SUE MOHAMED ANO 2013

RELIGIÓN CATÓLICA 4º: ANAYA. EN CONEXIÓN. APRENDO A CRECER. ISBN:9788467883954

5º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	ISBN	EDITORIAL
LENGUA CASTELLANA 5º	978-84-680-1057-1	SANTILLANA
CIENCIAS NATURAIS (Saber facer)	978-84-9972-618-2	SANTILLANA
CIENCIAS SOCIAIS (Saber facer)	978-84-9972-635-9	SANTILLANA
MATEMÁTICAS 5º	978-84-678-8582-8	ANAYA
INGLÉS – “PROJECT 1” – STUDENT’S BOOK	978-0-19-476455-1	OXFORD
RELIGIÓN CATÓLICA 5º	978-84-678-8402-9	ANAYA

6º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	ISBN	EDITORIAL
LENGUA CASTELLANA 6º	978-84-680-1511-8	SANTILLANA
CIENCIAS SOCIAIS (Superpixépolis 6º)	9788490461013	EDELVIVES
CIENCIAS NATURAIS (Superpixépolis 6º)	97888490460993	EDELVIVES
MATEMÁTICAS 6º (Aprender a crecer)	978-84-678-8303-9	ANAYA
INGLÉS – “PROJECT 2” – STUDENT’S BOOK	978-0-19-476456-8	OXFORD
RELIGIÓN CATÓLICA 6º (Aprender a crecer)	9788467884043	ANAYA

12. HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO DA EQUIPA DIRECTIVA.

Está exposto no taboleiro de anuncios do colexio.

Directora: martes e xoves de 9:10 a 9:45 h. luns e mércores de 12:20 a 14:00 h.

Secretaria: luns de 13:10 a 14 h., mércores 9:50 a 11:30 h xoves de 12:20 a 14:00 h.

Xefe de Estudos: Todos os días de 9:10 a 9:45 h.

13. ORZAMENTOS PARA O CURSO 2019/20.

Teñen carácter estimativo xa que non coñecemos todos os ingresos que nos fará a Xunta de Galicia para o ano 2020.

PROXECTO ECONÓMICO PARA O ANO 2019

INGRESOS DO 2019 E REMANENTE DO 2018	Ingreso da Consellería.....	32.219,00 €
	Remanente do 2018.....	18.975,40 €
	TOTAL INGRESOS.....	51.194,40€
ORZAMENTO POR CONCEPTOS		GASTOS
1. Arrendamentos (1 %)		511,94
2. Reparacións mantemento e conservación (17%)		8.703,05
3. Material de oficina (10%)		5.119,44
4. Subministracións (11%)		5.631,38
5. Comunicación (2%)		1.023,88
6. Transporte (9%)		4.607,50
7. Traballos realizados por outras empresas (10%)		5.119,44
8. Primas de seguro (1,5%)		767,92
9. Tributos (0,25 %)		127,99
10. Axudas de custo e locomoción (1,5 %)		767,92
11. Gastos diversos (10 %)		5.119,44
12. Mobiliario e utensilios inventariables (16,75%)		8.575,06
13. Outros materiais inventariables (10 %)		5.119,44
Total		51.194,40

A secretaria:

Asdo: Emma Mª Salgueiro Veiga

A Directora:

Asdo: Eva Mª Bouza Rey

14-ANEXOS : PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE

ANEXO I: DISLEXIA NA AULA

1.- PAUTAS A SEGUIR

Infantil:

- Utilizar un sistema fonolóxico para a aprendizaxe da lectura e escritura.
- Traballar a conciencia fonolóxica.
- Utilizar unha imaxe que represente o son de cada grafía.
- Traballar con estímulos de cores: Ex: clasificar vocais e consonantes.
- Traballar con plastilina as letras.
- Facer co dedo as letras nas costas e logo adiviñalas.
- Elaborar dicionarios personalizados con fotos de obxectos cotiás do neno.
- Buscar reforzos visual, auditivo e táctil.
- Traballar con material o máis manipulativo posible as letras e os números.
- Traballar os días da semana confeccionando un calendario visual con debuxos ou fotos significativas para cada día.
- Utilizar o xogo como método de aprendizaxe..
- Traballar moito a discriminación auditiva de sons.
- Dar ordes sinxelas de unha en unha e asegurarse de que as entenden.
- Axudarlle a organizar os seus pensamentos e darlle tempo para expresalos.
- Reforzar as áreas nas que se desenvolven mellor.
- Reforzar a motricidade fina.
- Ter na aula moitos reforzos visuais. Ex: Se se traballa coa letra b, debuxos de obxectos con esa letra.
- Lerlle na casa diariamente.
- Buscar unha actividade extraescolar na que se sinta cómodo.

Primaria:

- Sensibilizar a todo o colexio a través dun conto sobre dislexia, das características e dificultades que presenta o alumnado que ten dislexia..Nos últimos cursos poden ver a película: “ Como estrellas sobre la tierra”, baseada nun alumno disléxico.
- Facer vivenciar as dificultades de aprendizaxe que presentan . Ex: Mandar a todos que escriban coa outra man.

- Recomendar o emprego de axenda na que anoten deberes, instrucións, datas de exames, notas...
- Ter á vista instrucións de organización persoal : para ordenar o pupitre e a mochila.
- Dar a coñecer diferentes formas de aprender: visual, auditiva e táctil, presentando 10 imaxes durante un minuto, escoitando 10 palabras ou elaborando 10 debuxos sinxelos. Despois da actividade intentar recordar o maior número posible de items.
- Ser pacientes cos “esquecementos” que teñen en moitas ocasións. Teñen moitas dificultades coa memoria a curto prazo e poden esquecer os libros, cambiar un libro ou caderno por outro... é necesario que supervisen a mochila antes de saír do colexio para que leven todo o que necesitan.
- É necesario cambiar de tarefas máis a miúdo independentemente da etapa na que se atopen. Tamén é aconsellable facer descansos máis frecuentes, pois o seu nivel de dispersión aumenta e resúltalles máis difícil manter o ritmo.
- Ter en conta se van a terapia ou reeducación emocional pola tarde, non poñerlles tantas tarefas para a casa como aos demais.
- Se ademais padece discalculia, débeselles permitir o emprego da táboa. Débeselles ensinar con referencias visuais ou auditivas.
- Se ademais padece dispraxia, ter en conta que se poden ver alteradas as áreas de debuxo, tecnoloxía, deporte... Tamén poden ter problemas coa lateralidade, equilibrio, motricidade fina e grosa...
- Comprobar que entendeu o que ten que facer.
- Se é posible realizar os exames de forma oral ou que teña máis tempo para os exames. Non se trata de que teña máis tempo o mesmo día, que tamén pode ser necesario, senón de que se se nota moi canso poder rematar o exame ao día seguinte.
- Valorar os progresos de acordo co seu esforzo non co nivel do resto dos compañeiros da clase.
- O alumnado con dislexia necesita para o seu proceso de aprendizaxe adaptacións non significativas, e en moitos casos adaptacións significativas, dado que no noso sistema educativo emprégase a lectura e escritura como acceso ao aprendizaxe e o alumnado que ten dislexia non pode recibir e procesar a información de xeito adecuado.
- En moitos casos a dislexia ven acompañada de outros trastornos asociados como : Déficit de Atención , Hiperactividade, Dispraxia,, e no 99% dos casos o alumnado ten problemas emocionais como stres, ansiedade, depresión, baixa autoestima, problemas de alimentación, problemas de conduta...

- O alumnado con dislexia necesita sentirse apoiado e comprendido. Temos que ser conscientes das súas dificultades e non empregar frases como : É vago, non lle da a gana, só atende cando lle interesa....
- É moi importante recoñecer e incentivar tódalas áreas nas que poida destacar, xa que a organización cerebral dun disléxico fai que algunhas áreas funcionen mellor. Entre as características positivas: boa capacidade de visualización, talento artístico, boas competencias prácticas, pensamento creativo.

2.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON DISLEXIA

- Avaliar máis en función do contido que da forma.
- Lectura previa da proba polo profesorado.
- Ter en conta o traballo diario máis que o resultado dos controis.
- Ver se comprende ben o que ten que facer.
- Cambiar o formato das probas escritas: enunciados curtos, destacar palabras clave nos enunciados, aumentar o tamaño da letra, o interliñado dobre, actividades de relacionar..
- Alternativas complementarias de avaliación : proba oral, proba tipo test, elaboración de traballos.
- Utilizar cores alternativas ao vermello para corrixir.
- Evitar corrixir tódalas faltas.
- Darlle as preguntas por escrito, que non teña que copiar.
- Evitar que teña máis dunha proba ao día.
- Dar con bastante antelación as datas das probas para que as poida preparar sen presión.
- Darlle máis tempo para rematar as probas, que as faga por partes ou as remate outro día.
- Poder facer a proba en pequeno grupo ou coa profesora de apoio.
- Non suspender polas faltas de ortografía.
- Se ten discalculia ou problema para memorizar as táboas, facilitarlla.

ANEXO II: O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO NA AULA:

1.- ESTRATEXIAS NA AULA:

Temos que ter en conta aspectos importantes par a intervención educativa, tanto a nivel de obxectivos académicos como de estruturación de recursos.

Non hai 2 nenos iguais , e tampouco 2 nenos con trazos do espectro autista iguais. Suxerimos pautas en xeral e en cada caso tomaranse as que se consideren necesarias segundo o neno/a en cuestión.

Pautas:

Anticipación das actividades (Verbal e/ou visual) .Explicarlles os cambios que van xurdir tanto por cambios de horario coma de actividades novas que non teñan por costume ocorrer.

Establecer unha rutina das actividades que se van facer ao longo do día. Pódese facer unha axenda visual xeral na que se recollan as distintas actividades que se van facer con algún debuxo significativo para que vaian sabendo que lles espera en cada momento.

- **Protexelos fronte as burlas:** Informar en todo o colexio das características deste alumnado a partires de contos e facer un seguimento das condutas dos demais con eles.

Cando se fagan equipos poden ser seleccionados polo profesorado para que este alumnado non quede sempre de último .

- **Poden resultar beneficiados co “ sistema do amigo” especialmente os máis maiores.**

Consiste en educar a compañeiros e compañeiras para sentalos con eles e que os acompañen nos recreos.

- **Destacar as habilidades nas que destacan.** En moitas ocasións destacan en vocabulario, memoria... e débese empregar iso para que os demais aprendan a valoralos.

- **Fomentar a súa participación:** O alumnado con este tipo de trastorno ten tendencia a illarse, polo que o profesorado debe intentar fomentar a súa participación.

- **Se non entende as bromas** tratar de explicarlles con dramatizacións coa súa linguaxe para que non se preocupen en exceso nestas situacións.

- **Entrenamento en tarefas de Teoría da Mente:** Para que aumenten a capacidade de atribuír intencións, emocións que lles permitan comprender os estados emocionais dos seus iguais ou dos adultos.

- Traballar pautas de comunicación non verbal: Mirar a quen fala, amosar boa cara, escoitar cando fala outro...

- Programas específicos de intervención en Habilidades Sociais: Xogos de mesa con regras. Para explicar as regras poden empregarse apoios visuais. Ensinar ao neno que dicir e como dicilo.

Se insultan ou foron pouco sensibles cos demais explicarlles cal e a resposta correcta e porque o que fixeron estivo mal.

- Fomentar xogos e dinámicas cooperativas: Ensinarlles xogos para facer en grupo e dinámicas cooperativas.

- Traballar xogo simbólico.

- Limitar o tempo no que poden falar dos seus intereses illados. Non debe permitirse que faga iso cando non é o momento. Dedicarase un tempo para que o faga ao longo do día.

Hai que transmitirilles o que se espera deles para que completen o seu traballo. Teñen que ter moi claro que non son eles os que mandan e que teñen que acatar unhas normas.

-Negociación: Cando non queren facer algo motivalos con reforzo positivo.

- Posibles adaptacións na aula: Que os estímulos visuais non sexan excesivos para evitar distraccións, delimitar os recunchos da aula(espazo destinado a xogo, zona de traballo,zona onde se gardan os materiais...) Poden estar sentados cerca do profesor/a para poder facilitarlles unha mellor atención individual

- Darlles responsabilidades especialmente cando se ve que se dispersan. Tamén podemos nomear algún compañeiro/a para que o avise cando non está traballando. Pode resultar positivo técnicas de traballo cooperativo.

- Adaptar materiais para que vaian sendo máis autónomos na realización das actividades.

- Supervisión por parte do profesorado para manter a súa atención. Preguntarlles con frecuencia, buscar sinais non verbais (chiscar un ollo, palmadiña cariñosa...) para os momentos nos que está atendendo.

-Programas de puntos: Programas nos que reciben reforzo positivo e posteriormente premios por facer as tarefas no tempo esperado, organizar a mochila, levar todo o material...

- Fomentar o emprego da axenda: A axenda deber servir para que leve ao día as súas tarefas, anote os deberes, datas de exames, notas recibidas, material que teñen que traer..A axenda necesita ser supervisada polo profesorado e polos pais.

Si se observa problemas de organización é necesario asegurarse de que levan á casa o material necesario e os libros para realizar as tarefas. Cando hai que comunicar aspectos negativos pode servir para mandar notas: “ necesitamos falar con vostedes ”, ou “ solicitamos unha cita” en lugar de poñer todo o negativo na axenda.

- Non dar por suposto que entenden algo simplemente porque o repitan coma un loro.
- Ofrecer explicacións adicionais e tratar de simplificar os conceptos máis abstractos das leccións.
- Aproveitar a súa memoria excepcional.
- Ser tan concretos como sexa posible na presentación de novos conceptos e do material abstracto.
- Empregar moitos exemplos.
- Empregar mapas conceptuais, esquemas, resumos con apoio visual.
- Dividir as tarefas en pasos máis pequenos.
- Empregar subliñados para axudarlle a organizar a información.
- Evitar a sobrecarga verbal e longas explicacións.

- Ofrecer axudas: Intentar amosar as axudas necesarias para garantir o éxito na tarefa. Animalos nos seus éxitos e se é necesario utilizar recompensas relacionadas cos seus intereses.

- Manter a calma. Se nos alteramos nos é moito peor.

-Traballar educación emocional: Ensinarlle os actos que están ben ou están mal, as consecuencias que se derivan desas actuacións, aproveitando as situacións nas que se comporten dun xeito adecuado.

- Favorecer a súa autonomía persoal: É moi importante que pouco a pouco colaboren nas actividades propias da súa idade dándolles só a axuda que necesiten. Un maior grao de autonomía facilita a integración a nivel social.

Traballar a capacidade de espera: Pódese ter un reloxo grande e indicarlles cando a agulla estea nun lugar determinado pode facer outra cousa.

- Axudarlles a manexarse cando se sintan superados polo estrés para prever estalidos. Axudar ao neno escribíndolle unha lista de pasos moi concretos que ten que dar cando se perturba::

Ex: 1.- Respirar profundamente tres veces

2.- Contar 3 veces os dedos da man.

3.- Saír dar un paseo polo corredor.

4.- Beber auga.

5.- Ir falar con algún profesor ou coa orientadora.

6.- Ir á aula de convivencia.

- Asegurarse de que os niveis normais de estimulación visual ou auditiva non sexan percibidos polo estudante como escasos ou excesivos.

- Procurar evitar certos ruídos.

- Deixar ao alumno escoitar música de fondo que poida camuflar os ruídos, ou axudarlle a atopar un recanto reservado o que poida recorrer para estar so.

- Usar tapóns para os oídos en casos extremos.

- Ensinar e modelar estratexias de relaxación para reducir a ansiedade.

- Explicarlles con frases moi curtas e concretas. Se se pode débese empregar tamén axuda visual.

- Non incluílos en xogos competitivos porque non teñen idea de equipo e case nula capacidade de colaboración.

- Si se fan grupos que os forme o profesor para que non queden de últimos en ser elixidos.

- É moi positivo que traballen con outro alumno tranquilo, tolerante e colaborador.

- Necesitan traballar temas de psicomotricidade e coordinación motora.

- Como se fatigan de seguido e son moi insensibles a niveis baixos de dor, hai que estar pendentes da súa integridade física.

- Como poden ter alterada a propia percepción poden ser incapaces de decatarse dos estímulos do seu propio corpo e responder ao sentimento de malestar con condutas non apropiadas.

-Estar pendentes a que poidan sentir sede, calor, frío ou esgotamento e dicirlles que beban, que se abriguen ou que paren un pouco se corren moito.

2. AVALIACIÓN DESTE ALUMNADO:

- Ensinarlle a este alumnado a realizar con éxito as probas, motivalo para logros maiores e ser cada vez máis autónomo.
- Se ten problemas de atención e de concentración : facer os exames máis curtos, ou por partes. Poden rematar noutro momento ou ao día seguinte. Si se ven despistados que veñan ensinar cando rematen de facer cada pregunta.
- Non dar por suposto que entende o que se lle pide. Preguntarlle en cada pregunta o que ten que facer.
- Este alumnado responde mellor ao que xa coñece, mentres que teme o imprevisto. Por iso é necesario que saiba con bastante antelación as datas dos exames e traballe modelos moi similares aos que se lle van poñer.
- Pode ser necesario adaptar o modelo de exame: tipo test, con apoio visual, preguntar nas que ten que subliñar ou rodear, unir con frechas...
- Darlles as instrucións moi claras. Se hai preguntas complexas dividilas en apartados moi curtos.
- Axudarlle nos problemas dando pautas : Subliña datos de cor azul, pregunta en vermello, fai o debuxo, fíxate no resultado...
- Non poñer moitas operacións á vez. Se ve moitas pode angustiarse e non conseguir facer ben ningunha.
- Ter en conta o traballo diario máis que o exame.
- Darlle confianza, que se sinta protexido e apoiado e poida preguntar para ser dirixido eficazmente.

ANEXO III: TRASTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN CON OU SEN HIPERACTIVIDADE DENTRO DA AULA:

1.- ESTRATEXIAS NA AULA:

- Antes e durante a realización das actividades:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu.
- Utilizar estratexias para capta-la atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro/a “responsable” para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos par motivar (eloxios, sistema de puntos...)

Establecer unha serie de normas na clase, coas consecuencias do seu incumprimento, expostas nun lugar visible e ser esixentes no seu cumprimento.

As que están normalmente nas aulas son:

- 1.- Levanto a man para falar.
- 2.- Non me levanto sen motivo.
- 3.- Trato ben aos compañeiros, non pego, non me burlo de ninguén e deixo xogar a todos.
- 4.- Coido o meu material e o da clase.
- 5.- Atendo ás explicacións do profesorado e obedezo.

Titoría entre iguais:

- . Potenciar a aprendizaxe cooperativa.
- . Procurar que os compañeiros e compañeiras lles poidan axudar nas tarefas e tamén a controlar o seu comportamento.

Tarefas e deberes:

- . Reducir as actividades.
- . Supervisar os exercicios e asegurarse que entenden o que teñen que facer.
- . Empregar reforzos e apoios visuais.
- . Seleccionar as tarefas para facer na casa.

Estratexias expositivas:

Como este alumnado ten pouca memoria pode ser necesario , cando o profesorado estea explicando facer o seguinte:

- Empregar frases curtas e claras.
- . Manter o contacto visual e estar cerca..Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- . Preguntarlle cada pouco para ver se se está atendendo.
- . Empregar estímulos visuais.

Uso da axenda:

A axenda é un instrumento moi útil para este alumnado.

Na axenda debe: anotar datas de exames, notas, deberes, material que ten que traer...

Tamén pode servir para comunicarse coa familia. Poden servir para poñer citas tanto por unha parte como por outra. Non deben servir para poñer só os aspectos negativos da conduta do neno ou nena.

Deben estar supervisadas polo profesorado e pola familia. Se o profesorado non pode supervisar diariamente a axenda pode axudar a facelo un neno ou nena, revisando se están anotadas as tarefas que hai que facer na casa.

Estratexias para mellorar a motivación e autoestima:

- . Fomentar unha relación positiva entre o alumnado e profesorado.
- . Ofrecerlles experiencias de éxito, e reforzar calquera pequeno logro na aprendizaxe ou conduta.
- . Axudarlle a coñecer e a manexar as súas emocións.
- . Ofrecerlle confianza e expectativas positivas.

Estratexias para mellorar a reflexividade:

- . Proporcionar estratexias de memorización.
- . Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema.
- . Fomentar o traballo cooperativo na clase.
- . Proporcionar axuda.

Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia:

É moi necesario manter contactos periódicos coa familia deste alumnado para intercambiar información sobre os progresos do neno ou nena así como das dificultades atopadas.

PAUTAS PARA ASPECTOS CONCRETOS:

Cando o alumnado non atende na clase: Este alumnado cústalle moito manter a concentración. Por iso o profesorado debe intentar empregar medios audiovisuais, participativos e dinámicos. Pódense empregar estas estratexias:

- Facerlles participar nas explicacións, repartindo material...
- Facerlle preguntas frecuentes e doadas para animalo.
- Achegarnos a súa mesa e continuar alí a explicación se vemos que está perdido.
- Felicitar a algún neno que estea atendendo para que copie esa conduta.
- Concederlle un punto por cada explicación que atendeu e participou con interese. Cando consiga varios recibirá unha nota do profesorado na que se valora a súa mellora na clase.

Cando non remata as tarefas:

- Diseñar un traballo especial para el no que as tarefas sexan breves e variadas, adaptadas en dificultade ao seu nivel.
- Estructurar a tarefa en tempos máis curtos. Que veña ensinar cando remate cada exercicio.
- Felicitalo cada vez que nos amose un exercicio ben feito.
- Podemos axudarlle dicindo que poña un gomet verde cada vez que faga ben un exercicio. Cando consiga varios poñerlle un moi ben.
- Ter unha cartolina na clase co seu nome que poña ." Remata os seus traballos" Pode poñer un punto cada vez que o faga. Terá un reforzo cando consiga 5 puntos.

Se ten mala comprensión de instrucións escritas:

O profesorado se observa isto pode entrenalos da seguinte maneira:

Dicirlles:

- Le amodo.
- Cada vez que atopas unha información " Párate", fai unha raia vertical co lapis para recordar ata onde liches.
- Fai o que che di en cada parte segundo vaias lendo. Non continúes lendo ata que fagas o que che mandou primeiro.

- Cando remates relé parte por parte e comproba que o que fixeches é exactamente o que di a instrución.

Moitas faltas de ortografía:

Ante o alumnado que ten moitas faltas de ortografía podemos axudarlle así:

- Facer unha lista de vocabulario básico par primaria. Esta lista está dividida en grupos de palabras para cada nivel, segundo as palabras que se van vendo nas distintas unidades.
- Ditalles palabras desa lista.
- Darlles algúns trucos para recordar esas palabras.. Ex: Vaso e con v porque e baixo, e botella con b porque é alta. Tamén se se pode dar algunha norma ortográfica sinxela.
- Coas palabras que teñen máis dúbidas intentar facer debuxos (pode dar ideas o libro: Ortografía Ideovisual) .
- Intentar visualizar a palabra antes de escribila fixándose ben nas letras que hai que poñer.
- Anotar cada día as palabras que ten ben escritas. Se ao día seguinte hai máis palabras ben escritas poñer: “ Vai mellorando”.
- Traballar na casa da mesma maneira as palabras que ten mal escritas.

Rexeitamento da lectura:

- Formular actividades moi breves.
- Xogos de mesa que impliquen ler.
- Lectura dun libro moi breve, que poida lelo diariamente.
- Lectura compartidas dun libro con máis páxinas.
- Ir á biblioteca e facer actividades na que teñan que ler diferentes pistas.

Nenos que presentan hiperactividade motriz e impulsividade:

Podemos empregar as seguintes medidas:

- Ignoralos cando acuda xunto de nos sen remata-lo traballo.
- Ir velos ao seu asento cando están traballando sentados. É conveniente darlles un respiro se están traballando e vemos que necesitan moverse: Deixarlle ir ao baño, ou lavar as mans, a un recado...

- Reforzalo con puntos se están sentados. Podemos empezar dando puntos cando está sentado 5 minutos e ir aumentando pouco a pouco.

Cando saben algo na clase e non agardan a súa quenda, xa están berrando ;Eu, eu.

A intervención axeitada é unha habilidade que non hai que dar por suposta, que temos que incorporala como obxectivo a acadar.

- Describir claramente nas normas de clase como deben de estar reguladas as intervencións na aula. O alumnado debe estar ben sentado, coa boca pechada e coa man levantada. Sómente neste caso serán atendidos. Se non o cumpren ignoraranse e reforzaremos a un compañeiro que o estea facendo ben.

Se teñen mala caligrafía:

Hai dúas razóns para ter mala caligrafía:

- Mala coordinación visomotriz e dificultades perceptivo-espaciais.
- Carecer da automatización axeitada..

Cando se debe á mala coordinación recoméndase a práctica diaria de caligrafía (pouca pero ben escollida).

Ex: 1 liña para 1º curso de E. Primaria, 2 liña para 2º, e así sucesivamente.

Pódese empezar con dobre pauta ou dobre pauta con punteado arriba e abaixo.

Hai que animalos e esixirilles que fagan ben os enlaces e o tamaño axeitado das letras altas e baixas.

Para o segundo grupo, que son quen de facelo ben, pero son moi impulsivos:

- Revisar as fichas e o alumno/a subliñará cun rotulados as palabras que estean ben escritas. Valorar se cada día hai máis palabras ben escritas.
- Pode resultar positivo darlles un punto por cada palabra ben escrita. Estes puntos poderán cambialos por reforzos decididos con anterioridade.

Cando teñen dificultades no cálculo e na resolución de problemas:

Dificultades no cálculo:

Que o neno/a verbalice os pasos que vai dando para facer a actividade.

Resolución de problemas:

Ensinaráselles os seguintes pasos:

- Ler amodo e atentamente o enunciado e apuntar a información a medida que están a ler.
- Subliñar os datos de cor azul e a pregunta de cor vermella.
- Utilizar un debuxo par representar o problema.
- Se non sabe a operación que ten que empregar imaxinar como o faría na vida real con números máis pequenos.
- Pensar se o resultado ten sentido.

Cando se frustran:

Esa conduta suxírenos que ese alumnado ten baixa tolerancia a frustración, que ten falta de control das súas emocións e que a tarefa é difícil para el.

Ante isto pode axudar:

- Contar o conto en tódalas clases como método de control e de relaxación.
- Sistema de reforzo con puntos
- Ensinarlles formas alternativas de traballar: pedir axuda ao profesorado ou compañeiros.
- Adaptar as esixencias a súa pouca capacidade de control. Sen embargo non hai que sobreprotexer adoptando actitudes compasivas.
- Mandarlle repetir a tarefa cando estean máis tranquilos, dividíndoa en partes máis pequenas e felicitándoos cando realices cada unha delas. Podemos empregar a frase:
“ Creo en ti.Como sei que podes por iso che esixo, pero como sei que che custa, tamén cho recoñezo”.

Cando presentan problemas de conduta:

Debemos intentar cambiar os antecedentes e as consecuencias .

Aplicar:

- . Reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- . Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- . Ignorar os comportamentos de chamadas de atención se non son moi molestos.
- . Permitir momentos de descanso para levantarse, saír da aula, repartir material..
- . Establecer programas de puntos para conseguir premios.
- . Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- . Realizar entrevistas periódicas individuais con este alumnado para ver o seguimento do seu traballo.
- . Favorecer que os demais xoguen con eles .
- . Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.

4.- AVALIACIÓN DESTE ALUMNADO:

- Dadas as dificultades de atención e concentración que soen presentar, os exames deben facelos supervisados polo profesorado ou na clase de apoio en pequeno grupo.
- É necesario saber se o neno ou nena está entendendo o que lle preguntan. Débese mandar que lea o título da pregunta e que nos diga o que ten que facer.
- Axuda que cando remate de contestar cada pregunta veña ensinar para que non deixen preguntas sen responder.
- Poden necesitar máis tempo para rematar o exame, pero pode que non sirva deixar máis tempo ese día por non ser capaces de manter a concentración. De ser necesario farano en varios días ou noutro momento.
- Débese ter máis en conta o traballo diario que o resultado das probas.
- A avaliación debe conter varios instrumentos : exames orais, escritos, observacións do traballo realizado na aula, traballos de investigación que se lles mandan facer na casa, traballos cooperativos..
- En moitos casos os exames escritos deben ser adaptados: Preguntas breves, cerradas , con vocabulario sinxelo.
- As preguntas non exames non deben estar xuntas. Necesitan espazo suficiente para responder e ver pouca información á vez. As veces tamén é necesario cambiar o tamaño da letra, facela máis grande e aumentar o interliñado.
- Deben practicar na casa modelos de exames moi similares aos que se van poñer.
- Deben ter as datas dos exames con bastante antelación para que poidan preparalos axeitadamente na casa.
- Non deben ter máis dun exame ao día.
- Non deben ter exames sorpresa.
- Antes de entregar o exame mandarlles que o repasen.
- Se non son capaces de aprender as táboas facilitarlles para os exames e que as vaian estudando pouco a pouco.
- Se teñen moitas faltas de ortografía centrarse máis na comprensión e no contido do exame. Tratar este aspecto como o alumnado disléxico : non suspender polas faltas de ortografía.
- Poder recuperar os exames que teñan suspensos.

ANEXO IV: ALUMNADO CON PROBLEMAS DE CONDUCTA

1.- ASPECTOS A TER EN CONTA PARA FAVORECER A PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS DE CONDUCTA NOS CENTROS EDUCATIVOS.

- 1.- É moi importante estar atentos ás condutas positivas que presenten e reforzalas de seguido con eloxios. Tamén debemos estar atentos aos seus estados de ánimo. Ver en que momento podemos achegarnos e cando é mellor deixalos estar.
- 2.- Intentar que non haxa “ tempos mortos”. Débese buscar que sexan os menores posibles.
- 3.- Estilo docente asertivo : Constancia e coherencia nas normas, trato afectivo, reforzo positivo.
- 4.-Adaptar o currículo ás súas necesidades
- 5.- Metodoloxía cooperativa para mellora-lo rendemento e o clima de convivencia.
- 6.- Traballar habilidades sociais.
- 7.- Información ao alumnado sobre o NOF e normas de convivencia.. Intentar comentalo frecuentemente.
- 8.- Información ás familias sobre o NOF e as normas de convivencia.
- 9.- Apoio ao profesorado con problemas de disciplina na aula.
- 10.-Plans de modificación de conduta para o alumnado con problemas de disciplina. Sistema de puntos.
- 11.- Coordinación entre o centro, familia e servizos de apoio externos.

2. PAUTAS A SEGUIR CANDO

A) Discuten e pelexan por calquera cousa:.

Primeiramente temos que observar as situacións nas que acontecen esas condutas, para ver que ocorre antes, no momento e despois.Unha vez observado isto faremos un contrato co neno, a través do autorregistro , estipularemos que cada día que non se meta en follóns gañará 1 punto.

Cando teña 5 puntos levará unha nota á familia para que saiban iso.

Podemos poñernos en contacto coa familia para que reforcen isto dalgún xeito: saída, ir ao cine, loubanza...

B) Nega os seus erros e vota a culpa aos outros:

Conversas con el para deseñar un programa de modificación de conduta.

Estableceranse as seguintes normas:

Conduta A: mentir sobre o seu comportamento.

Conduta B: culpar aos demais dos seus erros.

Cada día o profesor/a rexistrará nunha táboa se aconteceu a conduta A ou B e anotarase cada día tódalas veces que se dea, sendo moi estritos neste aspecto. Por cada vez que ocorra pódese poñer que perderá 1 minuto de recreo. Pero se un día acontece 4 veces e ao día seguinte 3 porase : vai mellorando.

Se non ten condutas A nin B, o profesor/a poralle 1 punto. Cando consiga 10 puntos pode ter toda a clase un premio. Ex. Ver unha película.

As seguintes veces para ver unha película necesitarán máis puntos.

C) Acepta mal as indicacións do profesorado:

- Intentaremos mante-la calma, controlar interna e externamente a situación. Evitaremos caer na provocación e que o alumno/a consiga descompensarnos.
- Manter unha actitude conciliadora para que o alumno/a poida readapta-la súa conduta.
- Ante unha conduta moi desafiante esperar un pouco que se “ arrefrie” a situación. Cando isto aconteza, hai que buscar unha consecuencia pola súa acción, pero xa falada, analizada e asumida por el e polo profesorado. Intentarase evitar actuar de maneira improvisada, e querer resolve- la situación totalmente no momento e en público.
- Non desanimarse axiña aínda que os resultados iniciais sexan desalentadores. Falar co equipo docente, avaliar e axusta-las pautas a seguir. Non manifestar en ningún momento que perdemos o control da situación.
- Levar diariamente un rexistro da clase con anotacións de incidencias de cada alumno. Este rexistro pode ir acompañado de reforzos positivos cando non hai condutas desafiante, e de consecuencias a cumprir cando as hai.

D) É mal aceptado polo grupo:

Pasos a seguir:

- Conversa coa clase sen estar o neno, analizando o que lles molesta del, as posibles causas do seu comportamento, valorar se veu de outro colexio, de outro país, se ten dificultades de aprendizaxe ou se lles costa moito estar quieto e tranquilo. Facerlles ver que a uns nenos o feito de estar atentos e obedecendo as normas supónlles moito esforzo e que hai que ensinarlles entre todos a poder facelo.

- Rexistrar esas condutas nun folio.
- Analizar o comportamento do grupo co neno, se lle deixan xogar, se falan con el, se contan con el para os traballos...
- Rexistra-las respostas.
- Escribir o que poidan facer eles co neno para axudarlle a cambiar a súa conduta.
- Conversa privada co neno na que el manifeste o que fai e o que lle fan.
- Todos xuntos na clase, valorar os posibles cambios que se van rexistrar a partir dese momento.

Ex: Conduta A: Non insultarse.

Conduta B: Xogar todos xuntos.

Cada día rexistrárase a conduta do grupo. Se a clase cumpre a norma gaña 1 punto.

3.- COMO ACTUAR CO ALUMNADO QUE PRESENTA CONDUCTAS GRAVES

Antes de:

-Se intuimos que o neno pode ter unha crise distraelo mandándolle recados, dar un paseo, darlle opción de ir falar con alguén, facer algunha actividade que lle guste ou se prefire aula de convivencia.

Durante:

- Intentar manter unha actitude tranquila e serena, esperando que o neno se calme.
- Se a conduta impide ao mestre dar clase o neno/a terá que ir a aula de convivencia con tarefas.
- Sen non é posible levalo a aula de convivencia e a conduta non supón un perigo para el ou os demais deixáremolo baixo supervisión, pero sen intervir.
- En caso de resultar perigoso para el ou os demais levaremos a cabo medidas de contención física, pedindo axuda a coidadora, avisando ao 112 e a familia para que acudan ao centro.

Despois:

- Centrarse na conduta problema como algo que se pode cambiar, evitando xeneralizar a toda a persoa e buscando as calidades positivas que ten o alumno.
- Rexistrar o que fai o alumno/a con quen, como, onde e cando. Que pasa antes, durante e despois.
- Intentar corrixir individualmente e felicitación en público.
- Definir as condutas ás que se quere chegar, que deben ser alcanzables. Non esixir máis do que pode dar en cada momento.
- Reforzar positivamente as condutas adaptadas de forma inmediata.
- Responsabilizar o alumno /a en tarefas comúns no centro.

- Contratos de conduta a nivel individual ou ao grupo clase.
- Imitacións de modelos: aprender a observar imitando condutas.
- Establecer programas de modificación de conduta que poden estar rexistrados na axenda do alumno/a. Deste xeito a familia pode observar como foi a conduta diariamente e reforzar tamén na casa.
- Aplicar as medidas correctivas establecidas no NOF do centro.

4. AVALIACIÓN.

Non ter máis dunha proba ao día.

Avalialos tendo en conta o traballo diario, máis que os exames.

Que teñan as datas das probas con suficiente antelación.

Facer unha lectura previa de cada pregunta por parte do profesorado e comprobar se a entenden.

Valorar se o día da proba o neno/a está tranquilo, de non ser así cambiala para outro día.

Se é necesario facer a proba co profesorado de apoio.

ANEXO V: ALTAS CAPACIDADES:

ALGUNHAS PAUTAS QUE PODEN AXUDAR CO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES:

A intervención educativa con este alumnado debe centrarse en 3 ámbitos:

- **Intelectual:** Darlles oportunidades para realizar actuacións máis alá dos programas ordinarios.
- **Psicolóxico:** Proporcionar un sentimento xeneralizado de éxito.
- **Social:** Axudarlle a que teña un sentimento de pertenza ao grupo, entender o que se espera del.

En consecuencia como medidas de resposta educativa proponse :

- En primeiro lugar medidas de enriquecemento curricular.
- De ser necesario posteriormente medidas máis extraordinarias como son : Adaptacións curriculares de ampliación ou a flexibilidade do período de escolarización.

Estaremos en contacto cos especialistas de Altas Capacidades do Equipo de Orientación Específico da Coruña, e ter en conta a súa opinión tanto no diagnóstico como na proposta de actividades para cada alumno/a en particular.

Medidas ordinarias:**Enriquecemento curricular:**

Non se trata de facer exercicios dos cursos seguintes, senón en propor facer actividades diferentes.

- Inventar problemas a partir dunha cifra dada.
- Inventar problemas que teñan unha suma e/ou unha resta e /ou unha multiplicación, división (segundo a idade).
- Inventar problemas nas que se relacionen varias materias.
- Inventar exercicios de matemáticas sobre o tema que estamos dando.
- Explicar dúbidas a compañeiros/as.
- Dada unha imaxe inventar unha historia.
- Inventar preguntas abertas dun texto dado.
- Responder preguntas sobre un texto que non aparezan directamente, que as teñan que deducir.
- Inventar un conto con dúas palabras dispaes dadas.
- Mandarlle que diga dúas palabras e despois que invente unha historia con elas.
- Inventar finais diferentes dun conto.
- Dada unha ficha sinxela que invente o que pode facer nela: diálogos, debuxos, inventar historias, completala con outras actividades
- Cambiar unhas actividades por outras. Temos que ter coidado de que a persoa con altas capacidades non teña que facer todo o traballo coma os demais e logo máis fichas. Isto pode facer que se desmotive e intente non rematar axiña. Pódese intentar facer da seguinte maneira:

Se para toda a clase se propoñen as actividades: 1,2,3,4,5, a persoa de altas capacidades que faga a 3,4,5 e dúas actividades máis diferentes nas que teñan que pensar.

- Propor tarefas que esixan relacionar e empregar conceptos e procedementos de distintas áreas.
- Realizar traballos de investigación sobre un tema do seu interese.
- Facer exposicións dos traballos elaborados.
- Buscar información sobre un tema proposto.
- Prever agrupamentos flexibles para traballar algunhas actividades.
- Propor actividades para facer so/soa, de 2 en 2, de 4 en 4....

- Buscar algúns programas ou materiais para traballar o desenvolvemento cognitivo, creativo e de habilidades sociais.
- Traballar dinámicas e estruturas de traballo cooperativo para aprender a traballar en equipo.

Medidas extraordinarias:

Cando se observa que as medidas ordinarias de enriquecemento curricular non son suficientes proporáanse adaptacións curriculares (modificacións, dar prioridade ou eliminación de obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación e organización). Estas adaptacións poden ser nunha área determinada ou en varias.

Como derradeiro recurso, si se observara que as adaptacións tampouco son suficientes proporíase as aceleracións, que suporía cambio de curso.

AVALIACIÓN:

Que un alumno ou alumna posúa altas capacidades non impide que poida presentar algún outro trastorno coma déficit de atención, dislexia, De ser así á hora da avaliación teranse en conta as pautas dadas para este alumnado (ver anexos).

Se este alumnado posúe adaptación curricular avaliaríase segundo a súa adaptación.

De non ter adaptación os obxectivos serán os do seu curso. Teranse en conta ademais das probas escritas o traballo diario na clase e os resultados de traballos de investigación si se lle mandaron facer.

ANEXO VI: HEMIPARESIA

1.- PAUTAS A SEGUIR:

- Desenvolver a autonomía nas tarefas cotiás.
- Evitar axudarlles demasiado.
- Descompoñer accións en distintas partes para que sexa máis fácil.
- Debe participar en todas as actividades aínda que necesite axuda.
- Traballar os dous lados do corpo xa que hai unha tendencia a que os nenos empreguen menos o lado máis débil.
- Realizar tarefas que requiran do uso das dúas mans.
- Traballar o equilibrio tendo en conta que normalmente teñen dificultades para mantelo.
- Comprobar que mantén o brazo máis débil sobre a mesa e que manteña as costas rectas.

- Se ten problemas de concentración ou visuais manter á nena/o cerca do encerado e asegurarse de que ve as caras das persoas que falan.
- Para facilitar a escritura podemos estabilizar o folio ou caderno empregando unha base antiescorregante.
- Cando se fan xogos tratar de facelos en grupos pequenos para evitar golpes e/ou caídas.
- Ter paciencia e darlle o tempo que necesita para realizar os exercicios.
- Traballar a autoestima, reforzar os éxitos e o esforzo.
- Fomentar a integración no grupo de aula.
- Ter en conta que algúns nenos poden ter problemas adicionais como:
 - Epilepsia
 - Deficiencias visuais
 - Problemas na linguaxe
 - Problemas de percepción
 - Dificultades de aprendizaxe, problemas de comportamento, hipersensibilidade.

2.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON HEMIPARESIA:

- Para facilitar a escritura podemos estabilizar o folio ou caderno empregando unha base antiescorregante.
- Deixar máis tempo para facer a proba ou fraccionala en máis dunha sesión.
- Facer probas orais se ten gran dificultade para escribir.
- Elaborar probas tipo test se é necesario.
- Aumentar o tamaño da letra e as imaxes se ten dificultades visuais.
- Ante dificultades de aprendizaxe asegurarse que entendeu as explicacións da proba.

ANEXO VII: TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE

1. PAUTAS A SEGUIR NA AULA:

Pautas xerais de aula:

- Empregar apoios visuais para compensar as súas dificultades de comprensión.
- Situar ao alumno/a con TEL nun lugar onde manteña o contacto ocular continuo co profesor/a e lle permita contemplar toda a aula.
- Reforzar as áreas nas que se sintan cómodos e potencialas ao máximo.
- Favorecer unha aprendizaxe significativa e vivencial a través de proxectos,
- saídas culturais, proxección de películas, excursións, etc.

- Adaptar a nosa linguaxe: falarlle máis amodo, utilizar frases sinxelas, evitar a linguaxe indirecta, non darlle máis dunha instrución á vez...
- Aplicación de estratexias que nos permitan desenvolver a linguaxe do alumno/a na aula: técnica da expansión, imitación ou modelado, etc.
- Utilizar un sistema fonolóxico para a aprendizaxe da lectura e a escritura, utilizando apoios visuais na súa implementación.
- Traballar a conciencia fonolóxica como base importante para a aprendizaxe da lectura.
- Simplificar os enunciados dos exercicios para favorecer a súa comprensión.
- Adecuar a cantidade e o grao de dificultade das tarefas.
- Deberes con actividades imprescindibles para garantir a aprendizaxe, evitando actividades repetidas e/ou complementarias.
- Permitirles o uso de ferramentas compensatorias (axenda, gravadora, calculadora, tableta, ordenador, etc.), así como material manipulativo para traballar conceptos matemáticos (ábaco).

2. AVALIACIÓN:

Pautas específicas para tipo e forma de exames:

- Evitar que o exame teña todo o peso da nota final.
- Formas de presentar as preguntas: preguntas pechadas, para responder con unha ou dúas palabras, verdadeiro/falso...
- Ofrecerlles un exemplo de resposta.
- Empregar exames tipo test se o alumno presenta un nivel aceptable de lectura e adecuar as preguntas ao seu nivel de comprensión lectora.
- Apoiar o material escrito dos exames con gráficos ou imaxes.
- Destacar as palabras claves dos enunciados, presentar unha demanda por pregunta.
- Usar unha letra de tamaño máis grande.
- Aumentar o interliñado para favorecer unha presentación clara e limpa.
- Establecer a orde das preguntas de maior a menor complexidade.
- Comentar co alumno individualmente as preguntas para facer unha avaliación real dos seus coñecementos.
- Lerlle os enunciados máis complexos para garantir que os comprendeu e asegurarse de que entendeu o que se lle pide.
- Permitirlle o uso da calculadora nos exames de matemáticas.